

CARLOS CASARES

ÁNHEL FOLE

ESCOLMA DE TEXTOS



PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA
A CORUÑA
1997

EMIA

ÑA

89

eca

REAL ACADEMIA
GALEGA

A CORUÑA

36869

Biblioteca

12 7473



Biblioteca



1000-1001

1731-1732 A

CARLOS CASARES

ÁNHEL FOLE

ESCOLMA DE TEXTOS



PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA
A CORUÑA

1997

CARLOS CASARES

ÁNHEL FOLE

ESCOLMA DE TEXTOS



Os textos de Ánxel Fole que se inclúen nesta *Escolma* proceden da edición das *Obras completas* do escritor preparada por Claudio Rodríguez Fer e Armando Requeixo, editada por Galaxia.

Depósito Legal: VG-367-1997

I.S.B.N.: 84-87987-07-9

© CONCEPCIÓN FOLE OTERO e EDITORIAL GALAXIA, S. A., dos textos de Ánxel Fole
© REAL ACADEMIA GALEGA 1997

Obradoiro Gráfico, S. L. – Avda. Rebullón, 52-D – MOS (Pontevedra)

RECORDANDO A ÁNCEL FOLE



ÁNCEL FOLE
(*1903 - †1986)

O venha
fillo de Benito
que chegou a
Iruña a finais
de 1903. Desde
máis tarde
do país descende
unha gran
abundancia.

Chegada
María. En
primeira parte
1904, recibí
monstru na fin

1903. En
a un avogado
máis tarde en
a Princesa
política en pri
Na biblioteca
quien para el
que de 1904

o de 1904
coas e no
de Logo en
de 1904 que

O primeiro de estudos primarios, foi un ano de estudos para utilizar os
cursos do bacharelato. Despois de estudar en Santiago de Compostela, foi a
d'onde Rapallón Manuel Fole, un rapaz de 19 anos, chegou a Santiago
de la Santa María y Carlos, que estaba na fin. Despois de estudar en Santiago
existía pensado Fole que estudara en Santiago de Compostela, pero a cal
non se produciu ningunha clase de estudos e antes estudaba en Santiago
de la Santa María y Carlos, que chegou a pensar e se retirou de Santiago para estudar en
diversos cursos de estudos que se realizaban na Princesa de Compostela.

Fole posteriormente recibiu o título de bacharelato en Santiago de Compostela, e despois
en 1904, despois de estudar en Santiago de Compostela, recibí o título de bacharelato en Santiago de Compostela.

Posteriormente, en 1904, recibí o título de bacharelato en Santiago de Compostela, e despois
de estudar en Santiago de Compostela, recibí o título de bacharelato en Santiago de Compostela.



SEMBLANZA DE ÁNHEL FOLE

O escritor Ánxel Fole naceu en Lugo o día 11 de agosto do ano 1903. Era fillo de Benita Sánchez Corredoira e de Reinaldo Fole Quiroga, un avogado que chegou a ser alcalde da súa cidade natal e que foi tamén maxistrado en Palencia e Huesca, cidade esta última na que presidiu a Audiencia Provincial.

Desde neno, xa antes de asistir á escola, Ánxel Fole, que aprendera as primeiras letras cun tío seu, empezou a sentir interese pola lectura. Na biblioteca do pai descubriu entre outros escritores a Xulio Verne, que supuxo para el unha grata revelación, especialmente pola novela *Vinte mil leguas de viaxe submarina*.

Chegada a idade escolar, os primeiros estudos fíxoos no colexio dos Maristas, onde había varios profesores franceses, algún dos cales o sorprendeu pola súa bondade, como o irmán Lázaro, que marchou de Lugo en 1914, recén empezada a Guerra Mundial, e do que máis tarde se dixo que morrera na fronte de batalla.

Ó rematar os estudos primarios, Fole pasou ó instituto para iniciar os cursos do bacharelato. Dos profesores que tivo, recordaría sempre con afecto a don Hipólito Romero Flores, que explicaba filosofía, e a don José Santiago de la Santa María y Charfolé, que ensinaba latín. Outros ensinantes daquel centro pensaba Fole que entraban dentro da categoría dos pintorescos, o cal non lle producía ningunha clase de disgusto ó xove estudante, senón diversión; tanto que chegou a pensar que asistir ás clases podía resultar tan divertido como ver as películas que se proxectaban no Pabellón Luminoso.

Foi precisamente neste pabellón onde aquel mozo adolescente, interesado xa pola literatura, descubriría o cine, outra das grandes paixóns da súa vida.

Polo demais, un día do ano 1918, mentres paseaba pola rúa, decatouse de que do interior dunha sala cinematográfica saía a voz de alguén que estaba

pronunciando un discurso en galego. Era unha reunión das Irmandades da Fala, que celebraban a súa Asamblea Nacionalista en Lugo os días 17 e 18 de novembro daquel ano. Dese feito fortuíto naceu a curiosidade que Fole empezou a sentir entón pola cultura galega.

Nesa mesma época revelaríasele ó futuro escritor a terceira das afeccións que, xunto co cine e a literatura, o acompañarían xa para sempre: a música. Naceulle esa inclinación, tal como el mesmo había confesar anos máis tarde, escoitando os ensaios do Orfeón Gallego, que se realizaban nun patio interior do antigo convento de Santiago. Pouco despois tería a oportunidade de asistir a un concerto, o primeiro da súa vida, que consistiu nunha actuación da Orquesta Sinfónica de Madrid celebrada no salón nobre do Círculo das Artes, onde interpretou a Tchaikovski, a Wagner e a Musorgski.

No ano 1927, cando xa tiña vintecatro de idade, Ánxel Fole trasladouse a Valladolid para dar comezo ós estudos universitarios, co propósito de facer a carreira de Dereito e coa vista posta no horizonte dunha futura oposición a notarías. Sen embargo, impresionado pola personalidade dun profesor de filosofía, Andrés Torres Ruíz, acabou matriculándose na facultade de Letras.

En Valladolid, Fole coincidiu con outros dous estudantes galegos, Antonio Rosón e Pedro Martul, cos que compartía un mesmo entusiasmo pola poesía de Ramón Cabanillas, que os tres recitaban de memoria. Polo demais, unha parte do seu tempo non a dedicou propiamente ó estudio, senón a asistir a concertos e representacións teatrais e a participar en tertulias cos amigos.

Ó ano seguinte, trasladouse á universidade de Madrid. Na facultade de Letras seguiu con interés as clases de García Morente e escoitou algunha conferencia de Ortega y Gasset, pero novamente foi a música a que ocupou unha boa parte do seu tempo, aínda que repartido tamén coa literatura. De cando en vez presentábase no Café de Pombo, onde se reunía a célebre tertulia de Ramón Gómez de la Serna, para observar de cerca ós escritores que admiraba.

No outono de 1929, Ánxel Fole instalouse en Santiago de Compostela, en plena efervescencia estudantil en contra da Dictadura de Primo de Rivera. Alí coñeceu a outros estudantes, como Domingo García-Sabell, Rafael Dieste, Carlos Maside e Luís Seoane, cos cales conviviu en algunhas tertulias e colaborou en actividades políticas a favor da República. O radicalismo ideolóxico do Fole daqueles anos, cunha clara simpatía polo comunismo, inspirou algúns dos poemas que escribiu entón. Dese tempo son tamén as súas colaboracións na revista *Resol* e a participación na creación dos semanarios republicanos *Ahora* e *Guión*.

Ó chegar a República, Fole abandonou practicamente os estudos, centrando daquela os seus intereses sobre todo na política e o periodismo. No ano 1932 participou en Lugo na fundación dunha nova revista, *Yunque*, da

que foi director. Nesa publicación deuse a coñecer o primeiro poema galego de Federico García Lorca.

Un ano despois, Fole iniciaba a que sería a partir daquela data a súa verdadeira profesión: o periodismo, no que se estrenou como redactor do periódico *El Pueblo Gallego* de Vigo.

Ó mesmo tempo deuse a coñecer como narrador ó publicar na revista *Nós* os dous primeiros contos de toda a serie que conformaría máis tarde a súa obra literaria: "Eu e o meu corazón" e "Idilio na Insua". Formaban parte probablemente dun libro titulado *Auga lizgaira*, que Fole levou a imprimir á imprenta Villamarín de Lugo pouco antes de estralar a Guerra Civil e que se perdeu definitivamente.

A guerra de 1936 supuxo unha enorme catástrofe persoal para o escritor, que non só pasou graves momentos de perigo a consecuencia do seu pasado republicano, pois fora militante do Partido Radical Socialista e posteriormente do Partido Galeguista, senón que viu interrompida a súa carreira periodística, tendo que sobrevivir a partir de entón dando clases das máis variadas disciplinas en colexios privados e academias. Mesmo no ano 1941 trasladouse, como preceptor particular, ó pazo da Veiguiña, da familia Quiroga, onde residiu bastantes anos. Desa longa tempada, que lle permitiu o trato directo cos paisanos e o coñecemento da vida da aldea, quedarían abundantes pegadas na súa obra literaria.

Foi precisamente na casa da Veiguiña onde Fole, estimulado por Francisco Fernández del Riego, empezou a escribir os contos do libro *A lus do candil*, que publicaría a editorial Galaxia no ano 1952.

Tres anos máis tarde, froito dunha estancia no Incio, Fole daría a coñecer un novo libro de contos, *Terra brava*, editado igualmente por Galaxia. Entón escribiu tamén a obra de teatro *Pauto do demo*, que aparecería en Buenos Aires en 1958.

Ánxel Fole aínda entregaría á imprenta outros dous libros de relatos, *Contos da néboa*, en 1973, e *Historias que ninguén cre*, en 1985. Con eles quedaría completa a súa bibliografía literaria en lingua galega, da que formarían parte así mesmo algúns artigos e escritos menores, ademais dunha abundantísima colleita de artigos en castelán, a maioría deles publicados en *El Progreso* de Lugo, periódico do que foi redactor. Unha recompilación destes últimos imprimiuse no ano 1981 baixo o título de *Cartafolio de Lugo*, editado polo Círculo das Artes daquela cidade.

Desde que se publicaron os seus primeiros libros na década dos anos cincuenta, Ánxel Fole pasou a ser un dos narradores galegos máis apreciados polos lectores. Os seus relatos, que el quixo que tiveran as maneiras e o estilo dos contos populares, situaron ó seu autor nun lugar preminente na literatura galega do século XX.

Esa foi unha das razóns de que no ano 1962, Fole fose elixido académico de número da Real Academia Galega para ocupar a vacante de Manuel Casás, presidente da institución nos anos difíciles da posguerra.

Convertido en académico cando estaba a punto de cumprir sesenta anos, Fole tiña xa daquela a consideración dunha grande figura, admirada e respectada. Así o interpretaron os responsables da fundación Pedro Barrié de la Maza cando en 1977 decidiron outorgarlle unha pensión vitalicia, como antes fixeran con escritores como Ramón Otero Pedrayo ou Eduardo Blanco Amor.

Os recoñecementos oficiais, sen embargo, non alteraron a vida de Ánxel Fole, que seguiu sendo sinxela, case humilde.

A imaxe do escritor paseando polas rúas do seu Lugo natal asemellábase máis á dun paisano de calquera das aldeas veciñas que ó intelectual que era. Cuberto cunha pucha e sen desprenderse nunca do seu tosco caxato campesiño, chegou a ser unha figura chamativa e curiosa, rodeada, eso si, da admiración e o cariño de cantos o coñecían.

Para moitos xoves rebeldes dos anos setenta, Fole converteuse nun home exemplar, pois encarnaba moi ben a negación de moitos dos aspectos da vida moderna que aqueles mozos rexeitaban. Fole carecía de coche, de casa, vivía en pensións humildes, vestía de calquera maneira, ás veces incluso un pouco estrafalaria, e non manifestaba apetencias por honores nin homenaxes. Tiña, no fondo, o aspecto dun ser marxinal.

A súa vida, unha vez xubilado das obrigacións como periodista no diario *El Progreso*, era a dun vello tranquilo, que seguía escribindo artigos para o periódico e pasaba moitas horas no café, falando cos amigos, pois as tertulias permitíanlle escoitar e contar historias, falar de política ou interesarse polo que sucedía no mundo da cultura galega. Por outra parte, como el mesmo adoitaba dicir: “A conversa non fai mal a ninguén e o intercambio de ideas rexuenece e fortalece o espírito”.

De cando en vez, Fole facía pequenas viaxes en automóbil cos amigos, o cal lle producía un gran contento, sobre todo por contemplar a paisaxe, que foi outra das súas grandes paixóns. Un destes amigos, Manuel Rodríguez López, publicou un libro que se titula precisamente *Viaxes con Ánxel Fole*, no que se contan anécdotas e se ofrecen opinións e comentarios do escritor xurdidos durante as numerosas viaxes que fixeron xuntos nos últimos anos da vida de Fole.

Nestas viaxes, Ánxel Fole ía recreando os vellos escenarios nos que naceron os seus libros: o pazo dos Quiroga no Incio, no cal había un retrato de Julia Espín, muller do fundador da casa, cantante de ópera e señora moi culta que foi musa inspiradora do poeta Gustavo Adolfo Bécquer; ou a casa da Veiguiña, onde Fole escribiu *Á lus do candil* e na que, como lle recordarían os seus anfitrións nunha destas viaxes, estivera a punto de morrer cando a un dos homes da

casa se lle escapou un tiro da pistola coa que estaba xogando e lle atrevesou a lapela da chaqueta de coiro que levaba posta o escritor.

Ás veces, Fole acudía a Santiago para pasar uns días con Ramón Piñeiro ou con Domingo García-Sabell, dous amigos que o admiraban e o querían e a quen agasallaban como eles sabían, pois Fole ás veces era como un neno, que podía gozar cun xantar especial preparado para el ou escoitando un disco ou dando un paseo en coche. Con frecuencia, estes convites compostelanos facíanse coincidir coa estancia dalgúns hóspedes ilustres, como sucedeu cando Américo Castro pasou uns días na casa de Domingo García-Sabell.

Logo, o escritor regresaba a Lugo e aproveitaba as tertulias para contar con orgullo inocente os agasallos de que fora obxecto.

Foi, polo tanto, a vellez de Ánxel Fole unha etapa feliz da súa vida, na que sentiu o agarimo de cantos o rodeaban, ademais da devoción dos seus numerosos lectores, que seguían deixándose engaiolar pola gracia da súa arte narrativa.

Coa mesma tranquilidade e placidez dos últimos anos da súa vida, Ánxel Fole encarou tamén os seus últimos días. A morte chegoulle de maneira natural, sen dramatismo, cando estaba a punto de cumprir os 83 anos de idade. Foi o día 9 de maio de 1986.

I RELATOS



CONTOS A CARÓN DO LUME

THE UNIVERSITY OF CHICAGO
LIBRARY

TERRA DO CAUREL

Xa faguía unha longa tempada que eu vivía na casa de Abrantes como adeministrador dos señores de Basilie, aló na brava terra do Caurel. Era unha vella *torre* do século XIV según lle ouvira decir a un dos señoritos, feita cando os seus avós dominaban naquila comarca hastra o val do Sil. Era outa, mouro, coas paredes cheas de lañas, cubertas de hedra... Un gran escudo de canteiría, no cimo da porta, decía que era casa de señores. Nil figuraban testas de lobos, aguias, lagartos, froles raras. Tiña muradelas que cinguían a horta, o souto da entrada, a aira i o xardín.

Era a casa máis forte que había en tres légoas á redonda. Collíanse máis de cincocentos ferrados de centeo. En canto á facenda, mantiña dúas parexas de bois e doce vacas e xatos. Hai que engadir vinte ou trinta porcos co seu castizo, e cabalos, bestas e machos. A habenza contaba máis de duascenas *cabezas*. Dous mastís das terras de León, *Lusco* e *Fusco*, un branco i outro mouro, loitaban moitas veces co lobo polas defender. O *Lusco* sempre me faguía compañía cando baixaba á vila. E digo baixaba, porque a torre de Abrantes está a máis de oitocentos metros sobor do nivel do mar. Iba sempre a cabalo, pois tiña que andar máis de catro légoas por fragas, devesas e cavorcos. Millor dito, eu non andaba nada; era a besta ou macho. Non é nada doado vivir naquilas terras sen cabalo... Sempre tiven querencia, moita querencia, ós cas de palleiro. Cando me vía arrea-la besta, o can rebuldaba coma un neno. Brincaba, xogaba coíla, e lle lambía os fuciños. Á volta, o *Lusco* poñíase máis ledo aínda. Ó ve-la torre antre os bravos cumiales, parecía louquear. Ladraba, rebrincaba, ouveaba, i hastra me botaba os dentes ós estribos ou ás polainas. Eu tiña que menazalo pra que se estivese quedo, faguendo zoar a fustra. Tratábao con moito agarimo. Por aquilas terras queren moito ós *caís* (como iles din). Chámanlles *velliños*, que é o xeito máis amantiño de chamar a alguén.

Tamén eu me poñía moi ledo cando voltaba. A porta da casa daba cara ó sollío. Alí me estaban agardando os criados i os cas. ¡Dende a ampra solaina acenábanme tantas soaves lembranzas...! ¡Vivira alí tan tranquílo anos e anos...! Aló quedaban Pacios, Quintá, a ribeira de Quiroga. Cando era tempo sereo, a espuma azuada da lonxanía faguíame pensar na Groria. Os cumios dos montes parecían pintados por un anxo. Era de mel aquil silencio.

Cando recordo todo aquilo, sinto unha tristura moi doce e moi fonda. Alí quedou miña mocidade, nos baixíos ateigados de abrotias, nos cimos cheos de carpanzas.

Terra de Caurel, aspra e forte, de inxente beleza... Terra brava de lobos e aguias; terra outa de fragas e devesas.

Pode ser que eiquí se achen as devesas meirandes de Galicia. Hai faias nilas, e choplos, rebolos, bidueiras. Algús albres chegan ós trinta metros. Nos sitios lamaguentos ondia a iauga se encora, tamén se atopa unha especie de salgueiro que se chama *paleira*, ou simpresmentes, nas salgadas terras das ribeiras. Nas devesas da Rogueira e do Rebolo hai teixos grandismos que teñen centos e centos de anos. Atravesar un distes boscos leva varias horas de camiño. Por alí andan o lobo i o xabarín. Unha vez vimos dez lobos xuntos cando íbamos a derrubar unhos castiñeiros bravos pra faguer unhas vigues.

Nunca vin aguias tan fermosas como as dista terra, que eiquí chaman *aigues*. Unhas son loiras; outras brancas, coma de prata. Tamén son as meirandes que vin. Son moi valentes. Hastra din que se levan os lobecos.

Pra ondia queira que se olle, vense os montes máis outos da Serra: O Pía Páxaro, Lucenza, Montouto, o monte da Golada. Seus cumios están cubertos de neve hastra o verao. Nos días sereos do inverno e da primaveira, reločen coma si foran de azucre.

Según os vellos máis vellos, fai moitos anos nas devesas había osos e cervos, e nos cumiales muitos rebezos. Mais aínda se atopan corzos e xabarís. E tamén moitas perdices, lebres e coellos. Polas terras veciñas teñen sona de moita caza istes montes. Eu, moitas veces, teño cazado nun día máis de vinte perdices. Os labregos cázanas en vivo con trapela ou ichó, e lévanas a vender ó val de Quiroga. Tamén se atopan algunhas londrias, que non é nada doado cazalas. As pelexas lévanse a vender a calqueira vila de Ourense ou Lugo.

Non creio que haxa en ningures troitas máis finas e sabrosas que as distes ríos, ben sexan do Lor pequeno, do Quiroga ou do Soldón. Non é raro que un pescador traia prá casa, á noite, oito ou dez libras dilas, sen empregar a dinamita ou os boliches de carburo. Os que estamos afeitos a comelas, xa non lle damos valía.

Tamén hai arceas e lavancos, e moitos parrulos bravos na lagoa da Seara, que mide us mil douscentos metros de perímetro. Por iso son chamadas istas terras o *paradiso do cazador e do pescador*.

Toda a comarca non chega ós sete mil habitantes. Os *pueblos* principais son, Seoane, que os labregos indíxenas chaman Savane ou Sabane, Folgoso e a Seara. O derradeiro non ten carretera. Os dous primeiros son vilas. E moitas aldeias, coma Vilamor, Vilarbacú, Soldón, Pacios da Serra, Veiga de Brañas, Céramo, Santa Eufemia, Hórreos, etc. Moitas parroquias quedan sen crego varios anos, e moitas escolas tamén sen mestre. Os forasteiros non queren parar eiquí moito tempo, pois atopan isto moi bravo, arredado da civilización. Cecais os arrepié a friaxe distas terras tan outas.

Mais o crima é moi bon prá saúde. Ademais, hai augas que remedian moitos males. Perto da Seara hai unhas fontes ondia van a beber moitos forasteiros pra se curare. Dunha, abrolla un cachón de auga roxa, ferruxinosa; doutra, unha iauga branca como a leite, que debe ter calcio. Non embargante, hai moito galoxo ou bocio na comarca. Empréganse os cocimentos de unto de cóbrega pra curar varios males. Cecais a razón sexa ista: ó dar unha gran calentura varren os microbios. Hai tamén moitos menciñeiros e compostores de ósos. Hai mulleres que se adican a iso. Cáseque todas teñen sona de meigas. Tamén eiquí óucese falar do Crego de Remesar, en terras de Bóveda, o millor compostor de toda Galicia, según ista xente.

Hai moito mineral de ferro por istes montes. O mineral chámase *a vena*, e *venaqueiros* os queipos que se empregan pra levalo. Diso vén o nome toponímico de *A Veneira*, que se atopa tanto. Non ten nada que ver cos abeneiros ou amieiros, chamados en castelao *alisos*. Hai ferreirías en moitos sitios, dende Pacios da Serra hastra Rugando (xa en terras de Quiroga). Por certo que a Quiroga, os vellos aínda lle chaman *Queiroga*, coma o río do mesmo nome, epónimo da comarca e de moitas familias.

Unha das meirandes fontes de riqueza dista terra é a madeira. Deiquí sae tódolos días moita madeira de concheiro ou nogueira, choplo, castiñeiro, etc. Poucas coníferas hai por Caurel, a non ser o texo ou teixo das devesas, os máis corpulentos que nunca vira.

Eiquí non se varexa a castaña coma en terras de Lugo ou do Incio. Déixase caír e recóllese nos sequeiros. É moi doce. Gracias a ila iste xamón de Caurel é tan bon. Mais non se come hastra un ano despois da mata. Iste xamón vello, moi duro, moi afumado, é dos milllores de Galicia. O coitelo arrinca virutas do seu magro.

Aínda que hai tanta ovella, non se fai eiquí queixo de *habenza*. Tampouco hai moitos queixos de leite de vaca, e os poucos que se ven son ruís. Eu coido que non os saben faguer, pois a leite non pode ser millor.

Os bois son moi fermosos e xeitosiños. Teñen as cornas pechas como os touros de *lidia*. Mércase e véndese o gando nas feiras de Viana, Caldelas, San Martín ou Xinzo... O gando é, principalmente, o gando vacuno, que tamén se lle chama a *facenda*, como en algures chámase a *vida*. Levan cho-

callos as vacas e bois pra que non se perdan na néboa. As parexas tiran todas á molida como en tódolos sitios moi crebados. Cando se xunce unha soia parexa chámase isto *xuncir á sinxela*.

Terra de moito centeo e moitas patacas. A froita é escasa. As patacas son moito máis graciosas que as da ribeira. A matanza dos porcos chámase a *mata*, e como din todos por eiquí é a millor colleita do ano. Faise moi ben o botelo i as androllas. O botelo é o bandullo do porco, atado e cheo de costelas; vai con moito pimento picante. As androllas son unhas *morcillas* cheas de coiros de touciño. Pratos fortes pra persoas fortes. A mata é como unha festa, dende os merexos ou miúdos hastra a *partia*.

A carne de año ou a de cabrito tan soio se proban nas festas, coa *tarxa* ou torta de pantrigo, o roscón de ovo i o arroz con leite.

Non hai gabanza que non mereza a mel de Caurel. É unha verdadeira mel montesiña, un pouco moura, mais moi fina, sabrosa i arrecendente. Cando se lapexa, parece que se están ulindo herbas e froles bravas. Algo así pode ser dito da manteiga e da leite. Ista é mesta, marela, de moita mantencia.

Montes de uceiras, carqueixas, escambrós e xardós. Pola primaveira cóllense fresas bravas, chamadas *morodos*, que aínda son máis finas que as que se crían nos hortos; polo outono os arandos, que son as uvas bravas, i os doirados e roxos froitos dos érbedos, que enbebedan coma si tivesen viño. O monte arrecende, polo verao, a tomelo i a menta, como as campías das terras castelás.

Alí traballan os carboeiros, arredor dos foios, que fumegan polos curutos faguendo carbón de coza, ou raigaña de *uz*, e de carballo.

Unha tempada despois do castañal, pola mata, chegan os cordaneiros de Ourense. Levan eiquí un mes ou dous. É xente leda que sempre ten moito que contar doutras terras por ondia andiveron. Cando se van, despois de Nadal, levan boas presadas de cartos. As cordas que fan, de serdas de porco, son de moita dura. Inantes de rematar a súa longa laboura, esgótaselles o tabaco, e teñen que fumar a *furria*, tabaco do país que apesta. Se fai bon tempo, durmen na palleira. Moitos cásanse eiquí...

Mais esquecímonos de falar do té. Non se sabe quen trougo eiquí a primeira pranta, ou si é nativa do país. Tómase o té en grandes cuncas, con mel ou con azucre. Haino por Soldón. Eu tamén o teño no horto. Polo val de Quiroga tamén se atopa. Eiquí úsase outramente coma meiciña pra os males da barriga.

As festas de verao duran varios días. As de máis xentío son a do Rosario en Pacios, a de San Miguel en Soldón, os Dolores na Seara, i as de Seoane e Folgoso. Ista comarca conta tan soio con dúas carreteras ou estradas. Moito cambeará a vida do país cando se explote o ferro que pechan seus montes, que é do millor que hai, según din as persoas sabidas.

A xente é sofrida, traballadora e seria. Son agarimosos co forasteiro, aínda que de poucas falas. Eiquí vin tipos dunha gran forcia e moitos vellos que cáseque chegaban ó século. Non se levan moi ben que digamos coas xentes da ribeira quiroguesa, ou, sinxelamente, non se entenden coílas, e chámanlles *subaixos*, *renartes* e *solertes*... Os valegos chámanlles ós montaneiros, *xíbaros*, *túzaros* e *búlgaros*. Eu coido que se parecen todos iles. A todos lles cómpre ben o que saben. Cando cunda máis o insino antre os de enriba i os de abaixo, xa non haberá istas xenreiras, que son verdadeiras prosmeiradas.

Cando baixan á ribeira débelle parecer que entran no paradiso. Alí medran as laranxeiras, as amendoeiras, as citroeiras. É a leda terra do viño, das froitas doces, das cántigas rexoubantes... Paveas, figos de vendima, brevas, prégos, nísperos. Xa na Candeloria amósase a primaveira, i os días son quentes i as noites tépedas. Todo é dondo, risoño, amantiño. Cando a serra aínda está cuberta de neve, xa frolecen as margaridas nos prados i os hortos acugúlanse de froles brancas e vermellas, que saúdan ás anduriñas abaneándose soavemente. Ista, os cucos i os oreoles, teñen máis présa de chegar eiquí que a ningures. Reiseñores e malvíses engadan as noites coas súas frautas milagreiras...

As cántigas do Caurel, as propias do país, son tristentas, vagariñas. Recordan o chamado *canto chao* dos cregos. Non se desenrolan coílas graciosas riviravoltas das cántigas de beiramar. Latexa nilas unha anguria moi fonda que parece abrollar dos máis alapados seos da ialma. Son as cántigas morriñentas, que fan esmorece-lo esprito... Unha vez cantaba un mozo que estaba gardando o gando no fondo dunha valigota. A súa voz era coma o soído do punteiro; o eco que devolvían as encostas, o xordo bruar do roncón. Naquela cántiga choraba toda a paisaxe, co seu ceo grisento, coa súa terra moura, coa infinda tristura da neboenta lonxanía... Mais ista xente é moi pouco cantareira.

Fálase polo Caurel un galego que non se pode confundir co galego das comarcas veciñas, por ter moitas verbas e xeitos propios. Por unha parte, é moi enxebre, espallado de lediciosos arcaísmos; por outra, barbarizado de abondo. O acento é *nasal* e xordo, moi doce e grave.

Os nenos chámanse *ninos*, os mandiles *cinguideiros*, unha corda un *liame*. Outras falas son comúns ás lindeiras comarcas do Incio e de Quiroga... *Esfragarse* é derrubarse, caírse por un derrubadoiro. *Derramar* val tanto como apedrar, botar a perder. A cepa ou poda chámase *demouca*. Escoitade a un petrucio: *Por eiquí hai moitas fragas grandismas... O Pepe esfragouse cando estaba demoucando un carballo... Fórono atopar ó fondo do río...*

Tamén se emprega *coma*, e non *como*. Encol disto diremos que se acha eiquí, coma na terra do Incio e na de Quiroga, unha *i* en moitas verbas, que non sei se chamarlle eufónica, e que non hai noutras comarcas. Dise *forcia*,

aldeia, creio, ondia, partia dos cochos... En canto ós verbos, as primeiras persoas dalgús pretéritos e futuros rematan en *in*. Así, *fuín, canteín, agardareín*; e non *fun, cantei, agardarei*. E formas chás en vez de esdrúxulas coma *fosemos*, por *fósemos*. Tamén se di *puña*, e non *poñía*. Ouservei que moitos din *qui é* ou *qui era*, por non dicir *que é, que era*. Cáseque sempre óucese dicir *us*, mais non *unhos*.

Fagamos un paréntese... Niste libro adoitamos o xeito de falar distas terras. Por iso se atoparán moitas veces verbas en varias formas. Por exemplo, *outro* i *autro*, *sexa* e *seña*, *cimo* e *cumial*, *cantare* ou *cantar*, *fitar* ou *ollar*, *voltar* ou *volver*, *lembrar* ou *recondar*, etc. Galego falado, aínda que sexa escrito.

Cando chegaron os señoritos estaba paseando pola solaina. Viñan a cazar. Eran os catro máis novos da irmandade: don José María, don Fernando, don Leoncio e don Álvaro. Todos catro eran moi risoños e dados á farra. Como dicía unha vella, *coas súas risadas xebraban as tristuras coma os namorados coas súas cántigas as penas de amor*. Vindo iles, xolda segura.

Todos eran moi fortes. Tripaban monte todo o día, corceaban, galgaban sen se sentire cansos, ó recollerse á torre pola noiteña. Despois de cear, veña rexouba, contos e cántigas.

Traguían coñes un guía e dous rapaces con dous burros, ondia viñan, ben gardadas nas alforxas, as municións i as provisións... Queixos, botellas de coñac, latas de conserva, café, azucre, chicolate. Viño, había na torre.

Somentes poideron cazar o primeiro día. Caíu unha gran nevarada. Era polos derradeiros días do castañal. Xa non poidemos bota-lo pé fóra da torre. Había un silencio de vidro. As voces parecía que tiñan peso...

Tivemos que matar os primeiros anos da tempada. Gracias a Díos, tiñamos boa lus de carburo. Non se sabe o que val a lus de carburo nistes sitios tan infres. Cáseque tanto coma o lume.

Ceábamos na cociña. Faguíamos unha gran fogueirada con gavelas de toxos, rachós de carballo e cozas. No cano da cheminea, aulaba o vento coma un lobo. Coas ventalladas viñan grandes folepas. ¡Probe de quen andívese pola serra!

Alí estaban, cos señoritos, Bastián de Quindós, o escribano de Rendar, o *Carrozo*... Veñan vasos, veñan cafeses, veñan copas. Acordábame dunha copra que ouvira no Incio:

*O verao é o tempo dos cantos,
o inverno é o tempo dos contos...
Alegría e viño na xarra,
dende o Nadal hastra o Antroido.*

O Carrozo era o que contaba os contos máis belidos, aínda que todos andi-véramos á puxa. Cada noite contaba dous ou tres. Eu coido que os inventaba.

Ó día seguinte eu escribíaos nun cuaderno que tiña na lacena do comedor. ¿Que importa quen os contara? Cada un falaba según o xeito da súa terra.

As noites de inverno soio son boas pra os trasgos, pra as meigas, pra os lobos... E pra quen escoita contos de medo sentindo romba-lo vento.

Xa foi moito tempo que pases e que lles vos a contar. Foi hoxe da guerra de Cuba, e agora vou a contar a historia da dona.

Eu canguela, como palleiro do val de Caganga, había guardado moitos contos de conto. Tanto había afluencia de conto valer, porque era moi novo. Eu ben me lembraba de moito. Podía ser que Castel andaba en os ladras. Aínda foi pouco anos ca había. ¿Non vos acordades da historia de Caganga? É de de Rio? Andaba en boato, e andaba en a historia. O mesmo de a historia que de gando. E agora ben de conto. Trece de que de conto de a historia. Xa sabedes que eu había guardado moito a un home. No conto de Roldán había moito de conto, e agora ben de conto. Xa os sabedes que eu había guardado moito.

¿Non lembrades falar de Roldán? É o mesmo de a historia de a historia de a historia. Levaban moitos conto de a historia. O Roldán andaba en a historia. Eu ben me lembraba de moito. Podía ser que Castel andaba en os ladras. Aínda foi pouco anos ca había. ¿Non vos acordades da historia de Caganga? É de de Rio? Andaba en boato, e andaba en a historia. O mesmo de a historia que de gando. E agora ben de conto. Trece de que de conto de a historia. Xa sabedes que eu había guardado moito a un home. No conto de Roldán había moito de conto, e agora ben de conto. Xa os sabedes que eu había guardado moito.

Moito foi de a historia de a historia. Eu ben me lembraba de moito. Podía ser que Castel andaba en os ladras. Aínda foi pouco anos ca había. ¿Non vos acordades da historia de Caganga? É de de Rio? Andaba en boato, e andaba en a historia. O mesmo de a historia que de gando. E agora ben de conto. Trece de que de conto de a historia. Xa sabedes que eu había guardado moito a un home. No conto de Roldán había moito de conto, e agora ben de conto. Xa os sabedes que eu había guardado moito.

Eu ben me lembraba de moito. Podía ser que Castel andaba en os ladras. Aínda foi pouco anos ca había. ¿Non vos acordades da historia de Caganga? É de de Rio? Andaba en boato, e andaba en a historia. O mesmo de a historia que de gando. E agora ben de conto. Trece de que de conto de a historia. Xa sabedes que eu había guardado moito a un home. No conto de Roldán había moito de conto, e agora ben de conto. Xa os sabedes que eu había guardado moito.

A CAIXA DE MORTO

Xa fai moito tempo que pasou o que lles vou a contare. Foi inantes da guerra de Cuba, cando aínda non se fixera o cámbio do ouro.

En calquera casa pudente do val de Queiroga, había gardados moitos centos de onzas. Tamén había alfaías de moito valor. Inanque era moi neno, eu ben me acordo de todo. Polas serras do Caurel andaban os ladrós. Aínda fai poucos anos os había. ¿Non vos acordades do ladrón de Oencia? ¿E do de Río? Andaban en bandas, e arroubaban e mataban... O mesmo ós arrieiros que ós gandeiros. E tamén iban ás casas. ¡Probe do que lles negase os cartos! Xa sabedes que na Rodela queimaron vivo a un home. No pazo de Ruitelán levaran máis de cen onzas e esforzaran a unha rapaza. Xa se sabe que entón non había Bancos pra garda-lo diñeiro.

¿Non sentíchedes falar do *Valente*? Iba ó fronte dunha partida de oito ou nove homes. Levaban coíles dúas mulleres. O *Valente* amontárase porque había matado ó pai da súa noiva, que din qui era unha das mulleres que iban coíl. Tamén dixeran que o pai tivera que ver coa filla... Cousas da xente qui está fora da lei de Dios... ¡Que Il nos arrede dila!

Meu pai fora caseiro na torre do Conde i eu servira alí de pastor, cando era un rapaciño. Xa verán, señoritos, que conto tan intresante.

Era unha casa moi grande cos millores eidos do val. Tiña cinco grandes balcóns na parte dianteira. Había un curro pechado a mao dereita, ondia estaban as cuadras i os cuartos dos criados. Frente por frente, ó outro lado do camiño real, estaba o xardín, que era un pouco costeiro. ¡María Santísima, canto albre alí había! Teixos, alcipreses, outros que lles chamaban paulonios os señoritos, castaños dises de Indias e buxos de centos de anos. Tamén había unha laga pra a rega i un canaval. E moitismas roseiras. Daba gloria andar por alí pola primaveira. Chegaba o cheiro das froles ó outro lado do río. Aquiles señores antigos sabían vivir moi ben...

Por detrás da casa había un gran piñeiral i un carrozo con moitas mimoseiras. Alí empezaba a serra ondia se levaban a pacer as ovellas. Máis de dous mil ferrados de serra eran da casa. E despois viñan a viña, os prados i o labradío.

Collíanse máis de oitocentos canados de viño e máis de vinte de aceite. Había seis ou sete cabalos e tres parexas de bois. Máis de cen capós i outros tantos cabritos cobraban de renta ó ano, e ochenta libras de anguías.

Os señores pasaban cáseque tódolos invernos en Madrid. Ó fronte da casa estaba don Froilán, o adeministrador. Aínda non era vello. I ademais dos caseiros, había sete criados e criadas. A criada que levaba máis anos na casa, era a *Rebola da Toca*, que viñera de mociña. Era unha muller de máis de cincuenta anos, mouro coma un chamizo, de moi mal xenio. Aínda que era vella e fea, á condanada gustáballe que lle botaran froles. Sempre se buscaba un querido ou *chulo* antre os criados, e sempre arroubaba xamón ou queixo pra lle dare ó seu galán. Botouna da casa o adeministrador porque a collera na cama cun mozo. Moitos anos despois andaba a pedir esmola polos camiños. Seique lle dixera o adeministrador cando a botara: “Non estando os señores, eiquí, nada máis que hai un galo... ¿Entendes...?” Traballaba de cociñeira.

Don Froilán era un home baixo e groso. Andaba moito a cabalo e levaba un poncho que trouguera da Arxentina. Tamén estivera no Norde, e contábanos moitas cousas das minas de ouro de California e dos piratas daquilas terras.

Ninguén coma il pra mandare. Cando lle viña a carraxe, todos tremábamos. Berraba e púñase *rubio*. Din que durmía coa rapaciña que faguía de *doncella*. Eu vinos bicarse unha vez nun cuarto ondia había moitas pinturas e moitos espellos nas paredes. E parece que tivo un fillo dila, que estaba a se criare en cas dos labregos da terra de Lemos. Era home de moita comida. Eu o vin paparse nun xantar dúas perdices e ducia e media de filloas con mel. Sempre tomaba café despois de xantar.

Outro dos criados máis vellos na casa, era *Lombo de palla*. Chamábanlle asina porque tiña un carrelo moi ancho, con xoraba. Era un home dus coarenta anos, un pouco fato. No traballo faguía a labor de dous. Era hortelán e partía a leña. Cando se embebedaba, todos fuxían do seu carón, pois cegábase, i era capaz de faguer unha morte. Collía a machada e púñase a dar golpes a tódalas maos, berrando: “Teño sede de sangue...” Había que ir buscar a don Froilán, que era o único a quen non se lle estreví a repoñer. O adeministrador non lle andaba con andrómenas. Chegaba xunto il e berráballe, poñéndolle un revólver ó peito:

—¡Non te movas, brutarate, qui es vítima! ¿Tanta présa tes de defuntarte?

E *Lombo de palla* botábase a chorar coma un neno, pousando a machada.

—¡Ai, don Froilán —decía— sáqueme ise ferro, que me estremece!

Todos nos marchábamos mortos de risa, pois sabíamos que o revólver non estaba cargado.

Don Froilán dáballes unhas loradiñas coa fustra no lombo, decíndolle:

—Cala, home, cala, que todos sabemos o qui é un trago de máis.

Don Froilán, inaque era home moi arrufado, tiña medo ós ladrós. E non era por menos. En Quintá, faguía pouco tempo, mataran un arrieiro pra arroubalo. E todos sabían que na torre do Conde había moito ouro. Unha hora inantes da noite pechábase a porta da casa, e inaque chamasen de fóra non se abría a ninguén. Don Froilán saía polo balcón cunha escopeta...

Era polo mes de Nadal, polo tempo da escaldeira dos prados. Os amos estaban fóra.

Cando empezaba a anoitecer, unha miaxiña inantes de pechar a casa, chegaron dous homes pola calzada. Paráronse diante a porta e chamaron petando coas cachabas na folla aberta. Traguían coíles un burro, i enriba dil un cada-leito ou caixa de morto, atado con cordas.

Según me dixo a *Rebola*, os dous homes aínda eran mozos. Un levaba unha capa de xuncos i o outro unha manta.

A *Rebola* berrara dende drento:

—¿Quen chama?

—Vamos —contestou unha voz— de camiño pra Bustelo. Faga o favor de arrechegarse.

A *Rebola* cáseque levou un súpeto ó ve-la caixa. Un diles díxolle:

—¿E poderíamos deixar ista caixa eiquí? É prá filla do señor Ramón, que morreu de parto onte. Fúmola a mercar a San Martín. Mais temos que ir a Carballo agora. Mañá pola mañá virémola buscar. O burro é prestado, e traguemos outro. A ver si podemos deixala no curro, ondia non choiva. Mañá xa traguemos unha manta.

Mais hei de adevertir a todos, inantes de seguir adiante, que don Froilán era home de moita caridade. Cando a *Rebola* lle dixo o que querían aqueles homes, mandou que os pasaran á cociña e que lles diran un vaso e algo de compango, mentras se quentaban. Il non os podía atender porque estaba faguendo as contas dos xornaleiros. E dende logo deu premiso pra que deixaran a caixa no curro, ondia non se mollara.

Eu estaba na serra coas ovellas. Conmigo estaban os dous cas de palleiro e un de caza. Tan pronto empezou a nevar, baixei do monte atravesando o carrozo.

Cando cheguei á torre xa non estaban os dous homes na casa. Mandáronme coller leña ó alpendre do forno. Alí vin a caixa pousada nun carro. Parece que a *Rebola* deixounos soios mentras a metían no curro.

Era antre lusco e fusco. Ollei pra ila. Xuraría que *algo* boligaba drento. Unha caixa de morto sempre amedrenta a un rapaz. Ademais, os cas ladraban moito cara a ila. Tiven medo. Collín a leña á présa e funme á cociña. Os cas seguían a ladrar.

Tirei a leña e botei mao a un farol... Fun outra vez ó alpendre. Achegueime ó cadaleito. Pareceume sentir un ruidiño, coma si serraran. Houbérame derrubado morto de sutaque se non foran os cas. Regañaban os dentes cara ó cadaleito. Tanto tremelecía, que cáseque non podía termar do farol. E fun a falar co adeministrador...

Don Froilán estaba no seu despacho. Tiña a estufa de cozas acesa. Estaba sentado á mesa escribindo moitas contas á lus dun quinqué. Nin siquera se decatou que eu entrara, pois non pedira permiso. Sentín que me quencían moito as orellas. Díxenlle de súpeto:

—¡Ai, señor...! ¿Non sabe o que pasa?

—¿E coma o hei saber —contestoume— se ti non o dis?

—¿Mais non sinte —dixen eu— ladrar ós cas?

Il sorriu e faloume moi agarimoso:

—Déixaos que ladren. Non teñen outra cousa que faguer.

I eu teimeei:

—É que non saíen do pé da caixa de morto que trougueron ises dous homes que se foron a Carballo.

Il seguiu coa súa bulra:

—E sería o difunto que veu voando e meteuse nil, pra darlles máis que faguer.

Naquil intre ladraban os cas con máis forcia.

—Mire, señor —lle adevertín—, que cando fun pola leña pareceume que algo bulía drento... ¿E se fora un vivo e non un difunto? Porque os cas regañan os dentes e mais eu non os encirrei...

Don Froilán deixou de sorrir. Ergueuse e dixo:

—Cecais teñas razón. Hai que ir aló.

Dito isto, colleu a escopeta de dous canos, que penduraba dun cravo xunto á xanela. Cargouna con dous cartuchos de bala que había enriba da mesa, e deixouna alí. Despois sacou seis ou sete cartuchos de postas do caixón da mesa, ondia andivo remexendo, e meteunos no peto da chaqueta.

Surriu de novo. Púxome a mao no carrello, e díxome:

—Se non é ánima, ha de ter sangue. E se é o demo ha de probare os cartuchos cargados por min... Non teñas medo, rapaz. En trollos piores me vin metido na California, cando andaba a tiros cos mineiros. Que atranquen tódalas portas. Di ó *Lombo de palla* que traia a machada. E que veña Daniel pra termar do farol. Vaite á cociña e péchate por drento coas mulleres. Dilles que non quero ouvir berros nin prantos. E que chamen ós cas. Non seña que lles bata un tiro.

Fun en procura do *Lombo de palla* e do Daniel, que estaban na cociña falando coas mulleres. Díxenlles o que pasaba i o que había disposto o adeministrador. As mulleres empezaron a chorar. Pareceume que o Daniel se

puña pálido... Aínda no vos dixeran que Daniel era un mozo de labranza e que me levaba dous anos. Os outros mozos estaban na casa do caseiro co pote do augardente. Xa non había tempo pra avisalos. *Lombo de palla* dixo:

—A ver si teño tanta sorte coma cando lle esfendín a testa a un lobo.

E decindo isto, botou mao á machada, mentras Daniel collía o farol. Saíron, e nós pechamos por dentro coma nos había mandado don Froilán. As mulleres rezaban. Eu sentín repetoutear o corazón no peito.

Todos ficamos ó asexo... Pasaron coma cinco minutos, ou cecais dez... Eu diría que pasara unha semá. Sentimos que chamaban ós cas. Todo quedou caladiño. Somentes se ouvía o gorgolear da fonte do curro. Volveron a ladralos cas. De alí a un pouquiño, un tiro fixo tremecer a casa. Eu, que estaba quentándome, sentado no escano, erguinme de súpeto e nun tris estivo que me derrubara enriba do lume. Outro tiro. A voz de *Lombo de palla* chegou hastra nós:

—¿Non ve a escorra de sangue? Asegúndelle noutra descarga, don Froilán. Outros dous tiros, seguídiño un de outro. I a voz do adeministrador:

—Agora ti, coa machada.

Pouquiño tempo despois petaron á porta.

—Abride —decía don Froilán—, que xa non hai por qué ter medo.

Abrimos. Diante viña Daniel co farol. Parecía un difunto. O adeministrador acendeu un pitelo na chama do candil. E díxolle ás mulleres:

—Preparate a cea. Tamén eu cearei eiquí. Que Daniel vaia a ceibalos cas, mais que lles pechen a porta do curro. E que colla a escopeta dun cano. Que me traia tamén o revólver e tódolos cartuchos, que están no caixón. Preparate café e que traian augardente e viño da bodega. Temos que velar toda a noite, porque poden vir seus compañeiros pra vengalo. Aventuraría mil réas a qui era da banda do *Valente*... Xa saberedes que había un home vivo dentro da caixa. Tiña razón o rapaz. Hoxe mesmo lle darei unha onza.

As mulleres secábanse os ollos coas pontas dos mandiles. Un a un íbamos sentándonos todos arredor do lume.

Eu pensaba no vestido e nas botinas que mercaría coa onza o día da feira. Xa non me acordo se lle dira as gracias...

Don Froilán seguía contando:

—Se non fora polo rapaz, sabe Dios o que pasaría. Quén sabe se nos segarían os pescozos a todos. Tivemos boa sorte. Achegueime apuntando ó cadaleito. Apuntaba cara a ondia podería ter a cabeza o que estivera alí. Un tiro... asegundeille. Volvín a cargar. Polas rendixas da caixa safan pingas de sangue. Sentimos un asubío pola banda do carrozo. Outro asubío contestou dende o piñeiral. Despois, o ruído dunhas galochas pola calzada. Xa non agardei máis: zorregueille outros dous tiros. Foi cando lle berrei ó *Lombo de palla* pra que esfondara a caixa. Tremábatche ben a mao, Danieliño, cando te

arrechegache co farol. E ben... Drento había un home. Tiña un revólver nunha mao, e na outra un chaveiro con ganzúas e un coitelo. O *Lombo de palla* quería sacalo do cadaleito, mais díxenlle que non, pois tiña que quedar todo coma estaba hastra que chegara a Xusticia. Mañá mandarei un propio a cabalo a San Martín. Ten que ir pola mañá cediño.

Chegou o Daniel coa escopeta dun cano e co revólver. *Lombo de palla* dixo que il non quería outra arma que a machada.

As mulleres decían a cada pouquiño:

—¡Arrenegado seia o demo! ¡Virgen Santisma! ¡Divino Jesús!

Velamos toda a noite. O mesmo Daniel foi avisa-la Xusticia. Ás seis da mañá chegaron os mozos que estaban coa pota do augardente. Ouviran os tiros, mais non se estreveran a vir.

Don Froilán perguntoulles se tiveran medo a que lles rachasen as chambras. Todos nos rimos moito.

Á hora do xantar chegou a Xusticia.

Ningún forasteiro estivera aquila noite en Carballo; mais si era certo que morrera de parto a filla do señor Ramón de Bustelo.

Máis de vinte anos tiveron a onza de ouro que me dira Don Froilán. Era moi bon home. Que Dios o teña na Gloria.

O DOCUMENTO

Non se rían de min si lles digo que fun testigo dun documento firmado no cimo dun freixo, alá na terra de Amandi... Xa haberá unhos vinte anos. Faguía dous ou tres meses que estaba de mestre aló.

Boa terra, se as hai, aquila de Amandi. Moita sona ten o viño daquela ribeira, e non sen motivo. Eu coido que é tan bon coma o do Avia ou o de Queiroga. Cecaís sexa millor.

Os rapaces da miña escola estaban todos nos traballos da vendima. Eu, coma non tiña outra cousa millor que faguer, adicábame a pasear.

Iba pola carretera unha fermosa e serea tarde. Ouvíanse ó lonxe as cántigas das rapazas que traballaban nas viñas. Si mal non me acordo, hastra me parece que iba lendo nun libro. Chegaban a min moitas voces. Nun souto da orela do río había moita familia que algueiraba moi forte. Máis de ducentas persoas estaban berrando ó pé dun freixo moi outo. Todas ollaban ó cimo. Eu ouvía berrar a homes i a mulleres:

—¡Probiño...! ¡Mangante...! ¡Coitadiño...! ¡Prosmeiro...!

¿Que pasaría? Funme dereito alí.

Un patrón que levaba un chileque de baieta, sen chaqueta, berraba a máis non poder, fitando pra o curuto do albre.

—¡Báixate, home! Non sexas fato. Tira isa idea da testa, que che fai louquear. Aínda eres noviño ¡Se aínda non entraches nas quintas! ¡Arrepara o que fas!

Un vello cun sombreiro grande coma a roda dun carro, decía tamén a berros:

—Si te apuxeras a traballar, lacazán, non che darían ises arrautos. ¡Lorán do demo, pastrán!

E unha muller de refaixo encarnado falaba asina:

—¡Pensa nos teus tíos, que che queren coma un fillo! Date a cavilar, pirata, que sen teu proculo quedan desamparados na vellez. Tamén eu sufrín males de

amores na miña mocidade, e quixen beber solimán. E xa ves que teño os fillos mozos. Xa buscarás unha muller gobernadora. Escoita o que che din teus tíos...

A follax do cimo do freixo non me deixaba ver quen había alí; mais ouvín unha voz:

—Eu máto-me. Non podo vivir sen ela. Decídelle a Sabeliña que é unha garela. Tírome de eiquí ou afórcome. Xa trouguen a corda. Que se adeparten todos, pois non quero esmagar a ninguén. Alá vou...

As mulleres choraban. Tres ou catro rillotes arredáronse do pé do freixo. E volveron a ouvirse moitas voces, que decían:

—Nunca tal se viu. ¡Qui louradas merecía ise loubán! ¡Condanado!

Alguén berrou:

—Arrepara no que che di teu tío, Manueliño, que pra matarte inda tes tempo. Veleiqué chega teu tío, o Román de Piñol. ¡Escoita!

Todo o mundo quedou caladiño. Somentes se sentían os rechouchíos dos paxaros. E falou o tío:

—Xa choramos de abondo túa tía i eu. Si teimas en matarte, que te parta unha centella. ¿Que queixa tes que dar de nós? ¿Non te tratamos coma un fillo? ¿Había na parroquia outro mozo tan *pintoresco* coma ti? ¿Cando che faltaron dez pesos pra gastar nas romerías, ou cen réas pra come-lo pulpo na feira? A culpa tivémola nós por tratarte con tanto meco. Agora deulle polo amore. Eu coidaba que isas cousas eran dos señoritos. ¡Bacaceiro! Criamos unha cóbrega e non un home de proveito. Relas e vacorelos che se meteron nos miolos...

Baixou unha voz do cimo do freixo:

—Remate axiña, meu tío, que teño moita présa de me matare.

Ó meu carrelo dixo alguén:

—Iste mozo ten os hachizos. Sería mellor chamar ó señor cura. ¿E non se decatará que pra morrer sempre hai tempo?

Volveu a falarlle o tío:

—Agarda un pouquiño, home, que ser difunto non penso que sexa moita comenencia. Cavila o que vas faguer. E si testaleas en matarte, léveme non o demo, ¿por que non fixeches inantes un papeliño diante o escribano, dispoñendo as túas cousas? Asina fan tódolos que coidan morrer axiña. ¿Coma te esquenciches diso? ¿Non sabes que se morres sen testar os teus eidos da ribeira van a parar ás maos dos teus irmaos? ¿E que lles debes ós teus irmaos? ¡Aldraxes e dispresios, caracho! Tamén de nós falaban mal. ¡Linguas *vespertinas*! ¿Non te botaron da casa, decindo qui eras un burro pousón? ¿Non sabes que sen ises eidos quedamos probes? ¿E pra iso gastamos tantos cartos en criarte, derramando os nosos intreses? I a lécora da túa madastra, que te *claudica* sempre que pode, porque non lle quixeches firmar o papeliño... Mais, outramente, non gardas lei a ninguén.

O seu sobriño díxolle:

—Que me tiro, meu tío, que me tiro. Que toda isa xente se vaia ás súas casas a procurar polas súas vidas, que a miña nada lles importa. I ademais que quero mexar, que teño a vexiga que me estoupa. Que se arreden todos.

Ouvíronse algunhas gargalladas... Respondeulle o tío:

—Arrepara, home, arrepara. ¿Non che dará vergonza deixándonos desamparados? ¿Queres que nos apoñamos de vellos a pedir esmola de porta en porta? ¿Non sabes que a túa tía está baldada? Terá que ir en dúas muletas.

Todos sentimos un salouco. O tío seguía falando.

—Mátate, xa qui es tan teimudo. Cecaís fose millor que te oufegaras no río, un domingo, á hora da misa, pra que ninguén te vira e non nos dises que faguer. Atoparíante moi lonxe. ¿Non sabes que non te poden enterrar en sagrado? Hastra é unha vergonza pra toda a parroquia. ¿E pra esmagallarte contra o chao, puxeches o traxe novo? Tiñas de abondo con vestido de labor. Non te queremos *claudicar*. Baixa do freixo e fagueremos unha escritura. Arrepara na túa tía, que queda garniando coma unha nena de teta.

—Non fale máis, meu tío —contestoulle o sobriño— que me esganifa o corazón.

Mais o tío seguiu:

—Vente conosco. Vamos a busca-lo pedáneo pra que faga o documento.

Cada vez se xuntaba máis xente.

—Xa vén o señor cura, xa vén o señor cura; veleiqué que o vai a desconxurar, decían algús.

O señor cura vestía un balandrán e levaba un chapeo de labrego. Chegado que houbo ó pé do freixo, díxolle ó Manueliño:

—Atende miñas falas, ovella descarriada.

E despois púxose a botarlle un sermón en castelao mesturado de galego:

—*Baja, cerril mancebo, de ese frondoso cadalso que tú mismo te has buscado; baja que te descomulgo; baja del freixo, padrón de ignominia, piedra de escándalo, espejo de concupiscencia. Ya te he dicho, Manueliño, que lo que quieren los demos es que te derrubes. Y bien derrubado estás, aunque te vemos todos en la cima del freixo. Y ya te prendió el fuego de los profundos en las puntas de los galochos. Haz penitencia, descarriado...*

Manueliño contestou moi resolto:

—Non baixo. Non, e non. Todo o máis que podo faguer é firmar ise documento. Que vaian buscar o pedáneo; que traian unha mesa e que o escriban eiqué... Pois o pedáneo é un trapalleiro, e quero saber o que pon nil.

Unha vella de pano marelo na testa, díxolle a Manueliño:

—Si queres matarte, ¿que máis dá? Ti firma, e listo. ¿E coma vas firmar sin baixarte? Haberá que subir ondia ti.

—Que ninguén suba —respondeulle o Manueliño—. Que me poñan o documento nun fardelo, con pruma e tinteiro, atado ó cabo da corda. Firmarei eiqué.

I alá foi o tío, en compañía doutros petrucios, a busca-lo pedáneo.

Namentras, todos seguiron falando coíl. Poiden ver ó tío, qui era un patrón baixote, de nádigas longas. Un vello, medio entangarañado, díxolle:

—¿Mais non haberá quen te vire? ¿E por unha muller? ¿Pra qui es tan teimudo? ¿E que sabes ti se xa estaba probada? ¡Se aínda fora pola facenda! ¿Que fai un labrego sen facenda? Dispensando, é coma un home sen as súas partes. ¿E que coidas ti que é unha muller? Unha muller é unha tarabela. ¿E quen fai caso dunha tarabela?

De alá a pouco chegou o pedáneo con catro homes máis. O pedáneo vestía capa negra e chapeo novo. Tragufan unha mesa e dous bancos. O señor Román fretábase as maos. O pedáneo púxose as antiparras. Era un home xa vello.

Tan pronto puxeron a mesa ó pe do freixo, sentáronse todos nos bancos. O pedáneo petou coa cachaba na mesa, e dixo:

—*Que se haga vagantío al pie del freixo, que se acheguen todos los abajo firmantes... ¡Silencio...! Que naide interrumpa la redacción del documento. Después lo leeremos a ambas partes contratantes. Que se arrehguen también el señor maestro y el señor cura, como testigos de calidad.*

Senteime no banco, i o pedáneo empezou a escribir. Todos calaban. Rematou de alá a unha hora. De vez en cando decía: “¡Silencio!” Ergueuse co papel da escritura na mao, e dixo:

—*Vamos a dar lectura al documento con todas sus cláusulas, para que se enteren las partes contratantes, ambas y dos.*

Naquil intre orneou un burro. Todos se botaron a rire. O pedáneo petou na mesa coa cachaba, decindo:

—*¿Quién bota esas carcajadas de risa?*

E sen máis, púxose a le-lo documento. Por dito documento, o Manueliño vendía a seus tíos en vinte mil reás tódolos eidos da ribeira, que figuraban na escritura coa mensura e lindes, e tamén renunciaba ó cobro, recoñecendo que os seus tíos habían gastado inantes outro tanto na súa crianza. O seu tío quedaba na obriga de abonarlle ó pedáneo *cen pesos de estipendio por formalización de escritura*. Firmaron tódolos testigos. Despois meteron nun fardelo a escritura, a pruma i o tinteiro. Ataron o fardelo ó cabo da corda. Manueliño tirou dila. Ó cabo dun ratiño, berrou:

—Agora, cispade todos de eiquí, que me vou a guindare.

Unha muller choraba e rezaba, decindo:

—¡Dios nos libre dunha mala horada!

Ouvíronse os axóuxeres de dous cas de caza.

—Veleiqué a don Rosendo —dixo un rillote—. É a persoa a quen máis respeta. A ver si pode faguer algo.

Don Rosendo, o fidalgo de Tambarría, viña polo souto adiante con dous cas. Tragufía a escopeta cos canos pra embaixo. Era un home aínda novo,

pequenote il, de barba roxa. Tódolos picariños ollaban pra as súas polainas de coiro marelo, e pra o seu chapeo de cazador cunha pruma verde.

—¿Que pasa eiquí? ¿Que fai —dixo— tanta familia no meu souto? ¿Sei que houbo unha disgracia?

Un mozo loiro contestou por todos:

—Vaina habere, señorito. É o Manueliño que teima de se matare porque non o quer a Sabela. Alí está, no cimo do freixo.

O crego saudou a don Rosendo. Despois puxéronse a falar os dous en voz baixa, afastados da xente.

Volveu don Rosendo coa escopeta collida coas dúas maos, coma si agar-dara unha peza. Chegou ó pé do albre e berrándolle ó Manueliño:

—Escoita o que che vou a decire, besta brava... É polo teu ben. Xa sabes qué ben apunto. Pra faguerte baixar podería poñer unha gavela de toxo ó pé do albre, e plantarlle lume; mais non quero derrama-lo freixo, que aínda fai unha boa vigne.

E decindo isto, botouse a escopeta á cara apuntando pra Manueliño. E volveu a falare.

—Si te tiras, cázote no aire o mesmo que unha perdiz. Non coides que has morrer de calquer xeito: has de morrer dunha perdigonada no bandullo. Como hai Dios que has de morrer asina. E cando esteas emborquillándote no chao, heite de asegundar ben coma fago cos lobos. Escoita, godallo. Eu conto hastra trinta. Se ó rematare non baixas, chímpote dun tiro. Se es home de ben, has de baixare. Os dous comeremos da miña carabela naquela mesa, e botaremos un trago mao a mao. E morra o conto.

Púxose a contar o fidalgo de Tambarría:

—Unha, dúas, tres, catro...

Ó chegar ás dez, berrou Manueliño:

—Agarde, don Rosendo, que me baixo agora mesmo. Inanque soio sexa por botar un trago, pois sinto unhas asuras que me parten a ialma.

E baixou tan á présa coma un gato.

Era un rapazote cativoiro il. Non tiña media losqueada. Díronme ganas de zoupealo alí mesmo.

Houbo risadas, houbo aldraxes.

Algús berraban:

—¡Que lle dean unha boa felpa!

Outro dixo, menazándoo cunha aguillada:

—Debérante tundire. ¿Por que non te mataches? Xa que díche-la palabra, tela que cumprir.

Gracias ó fidalgo non lle mediron as costas. Botouse a escopeta á cara, e dixo:

—Así Dios me salve, que lle boto os miolos fóra a un. Probe do que lle poña a mao ó rapaz. E que lisquen todos do meu rente. Que soio queden as persoas do documento.

Fóronse indo todos pouco a pouco, inanque remolando. Manueliño botou un trago da bota, e púxose a comer. Levára dez horas no freixo. Xa se faguía de noite. Os mozos falaban de pedirlle permiso ó fidalgo pra faguer baile.

Eu sentinlle decir a seu tío, que estaba falando co pedáneo en voz baixaíña:

—Pártame unha centella: Si gobernara a súa casa ise condanado de fidalgo, máis conta lle tería.

O documento quedou no cimo do freixo.

O ARREGUIZO

Moito faláramos aquil día do mes do castañal, pola noiteña, na tasca do Souto Grande, perto do pazo de Dompniñor, si era ou non era verdade o do arreguizo.

O Xan de Brais, o Vicentiño de Freituxe e mais eu estabamos a comer un magosto. E veña mougir bullós e de pasa-lo xarrote. Maiormente, présa non tiñamos ningún, pois todos rematarámo-lo noso labor.

De pouco en pouco, chegaba algún parroquiano. Pedía un neto, atendía ó que falabamos e sentábase a carón de nós. O taberneiro servía o que lle pedían e logo púñase a facer contas nunha libreta. Fóra, barbañaba. Á lus de carburo da cantina, víase o bulleiro da carretera.

O Xan de Brais aseguraba que cando un batía cos lobos pola noite, nun sitio soedoso, púñanselle os pelos tesos...

—Aventuro vinte pesos a qui é verdade... Aconteceume a min mesmo, unha noite chuviñosa, na corga de Chandeiros, cando volvía de Cabude. Estivera aló hastra a unha da madrugada, pois fora de pretenda... Vin alumar diante de min os ollos dos lobos, e foi como si se me cravasen allambres na testa...

—Todo iso —dixo o Vicente de Freituxe— é un conto. Eu atopeinos moitas veces na Carranchá, en noites ben tebregosas, e foron candia min cara a Trascastro, e non lles tiven máis medo que si foran cadelos.

Entón, falou o Fiz de Cotovelo, que viña de chegar.

O Fiz de Cotovelo era un tangaleirán moi mouro de cara, que andaría polos coarenta, antes máis que menos. Tiña o bico moi groso e movíase e falaba con moito apouso.

Veleiqué o que dixo:

—Eu non sei se os lobos poñen ou non os pelos dereitos a un... Mais eu ben sei a quen se lle requicharon todos dun medo que levou.

—¿E sería asunto de pantasma, ou da Santa Compañía...? —preguntou o Vicentiño de Freituxe.

—Inda era eu mozo noviño. Fora na Ferreiría, cas o Alláparo. Eramos catro, tal como somos eiquí agora: o Uxío de Teixiz, o Pepiño da Alborga, o Garibaldo de Diciona e mais eu.

Xuntáramonos a cear unha noite do vrao... Xa sabedes que aquela tasca está no cimo dun penedo e ten unha ventá sobor do río. Despois de cear tomáramos us cafeses e puxémonos a xogar a brisca.

O Uxío de Teixiz era un mozo moi ben prantado. Iba por dous anos que lle facía as beiras á Rola de Trascastro. O señor Ramilo, en gloria esteña, o pai da rapaza, tñíao xa por seu xenro e deixábao que entrase na casa. Ben sabía il que o Uxío era home de moito proveito, moi formal il en tódolos seus tratos, e que agardaba un bon herdo dun tío seu, celibato, que estaba a vivir na súa casa. Levaríame a min de catro anos pra cinco, pois xa iba pra dous que volvera do servicio.

A Rola era unha rapaza de moi bon ver, xeitosiña e moi goberneira; de moito rixo pra todo... Mais, señor, tivo a disgracia de que lle saíse outro pretendiente. Chamábanlle de mal nome o Falcón, pola súa valentía e coraxe nas liortas das romerías... Eu vinlle xoga-la cacha contra tres mozos xuntos... E veña de cinguirilles palicadas, e tundilos a todos tres.

O señor Ramilo víao coma si vira o demo, pois era sabedor de que toda a súa vida fora un perdediño, bebedor e xogantín. Adicábase ó trato do gado. A súa compañía era o peor do peor... Larengos, larchás e desleigados que sempre andaban de troula.

Parez mesmamente que o estou vendo, ó Falcón de Londriz, alto, enxoito, cos ollos i o pelo como acibache i a dentamia grande e botada pra fóra coma a dun lobo. E logo, moi fachendoso il.

Andaba ca zunia de que a Rola había de sere pra il, i era tan teimudo que ninguén lle facía vira-lo pensamento.

Decíallelo a todos nas tascas e festas, nas rogas e velorios; e máis cando levaba un chisco de máis... “Téñolle o ollo botado á Rola... Veremos si algún cabrón se me pon diante... Ou pra min ou prá terra, que o demo me coma...”

Nós ben sabiamos que aqueles días o Uxío andaba moi caviloso, e sospeitabamos que fora menazado de morte polo Falcón.

Pousou as cartas na mesa e dixo:

—Non xogo máis... Non sei que me pasa, que non estou tranquío... Un desacougo que boliga en min...

—Pois fala, hom... —díxolle o Garibaldo de Diciona—, que si de algo che podemos vale-los amigos...

E dixo o Uxío:

—Xa sabedes tan ben coma min qué caste de demo é o Falcón. Nin il recúa nin eu tampouco... Como a Rola non pode casarse con nós entramos, un dos dous está de sobro no mundo. Eu levo sempre a miña razón candia min.

I en decindo isto, ripou un revólver grande, de cachas de nacre, do peto da cueira e pousouno enriba da mesa... Naquil intre, a péndula da parede diu as doce.

—Ben podería sere —dixo— que ista mesma noite me saia ó camiño.

—Non teñas medo —lle dixen—. Eu irei candia ti. Vereille de pedir a escopeta ó Alláparo...

Todo foi seguídiño... A todos se nos callaron as falas nos beizos... Sentiuse estourar un tiro, e resoou por todo o val. Logo, outro tiro...

—Alguén que atopou o lobo —dixo o Garibaldo de Diciona.

—Andan moi mestos —dixo o Pepiño da Alborga.

Xúrovos polo que máis queirades que eu vin todo con istes mesmos ollos que han de comer os vermes...

Eu fitaba pró Uxío, que non tiña pucha na testa; il, fitaba pra ventá. Estaba branco como o papel. E vin que se lle puñan os pelos dereitos.

Unha mao de muller, grande e branca, acenando con un pano tamén branco, entrara pola ventá... Subía e baixaba, vagariño, vagariño, e desfíxose no aire. O Uxío quíxose erguere e non puido. E berrou con unha voz que parecía a voz de outro.

—¿E vós, vístedes algo...?

—Eu vin —dixo o Garibaldo de Diciona— como unha nebra branca que se me pousou nos ollos, como din que ven os que ven a Estadea...

—Que me leve Dios —dixo— como a matou... Despediuse de min... Xa estará co Señor.

Polas súas meixelas esvaraban pingotas de sudor.

Somentes os dous virámo-la visión...

Ergueuse e dixo, metendo o revólver no peto traseiro:

—Onde o atope, alí o matarei o mesmo que un can doente... ou il me mata a min.

Pedinlle a escopeta ó Alláparo e saín candia il. Os outros dous viñeron tras nós.

Cando levabamos cousa dunha hora de camiño, sin ninguén dar fala, sentímo-lo estróupele dos cascos na calzada.

Falei eu:

—¿Que pasou en Trascastro, que sentimos dous tiros...?

O xinete detivo o cabalo e respondeu:

—Pois o que xa se vía que iba acontece-lo día menos pensado... O Falcón, que matou á Rola... Zorregoulle dous tiros cando a rapaza viña de saca-la auga do pozo da aira. Batiulle un na testa i outro no medio e medio

do peito... Queda a casa chea da familia. Xa foron avisa-la Xusticia. I eu vou cabo do curmao do señor Ramilo... Esganifaba a ialma sentir laiar a nai.

—¿E que se sabe dil? —pergunteille eu.

—Din que o viron —dixo il— cispar cara á serra pola ponte de Trascastro... Si ven ó Uxío, non lle digan nada hastra despois... Non seña que haxa dúas disgracias, e non unha.

Ó sentir istas falas, o Uxío botouse a chorar coma un neno. I eu dinlle unha aperta moi forte, moi forte.

Foron prender o Falcón a Bustofrío... Viuse a causa en Lugo, e saíronlle doce anos... Ó pouco de volver pra eiquí, embarcou pra Cuba.

Din que o que a ferro mata, a ferro morre... E se non é, debería de sere... Ó cabo de dous anos de estar aló en Cuba, un negro xamaiquino, que din que son dos máis sanguinos e brutarates, espetoulle unha navalla no corazón. Morreu botando sangue a cachón coma un porco, dispensando...

Escantiá que o Uxío se foi pra o Norte. Seica ten un gran capital. Casouse eilí e xa leva os fillos criados.

CARA DE LÚA

Chamarémoslle o Burgo a ista vila... Un nome puramente literario, coma tantos outros distes contos.

Eu botara alí unha boa tempada pola primaveira e polo vran, xa fai ben anos.

A vila estaba á beira do río, dunha i outra banda. Somentes tiña unha rúa i unha praza. Mais que unha vila, era o que se di un pueblo. A rúa era estreita e retorta, empedrada de pelouros. Non corrían dous carros de par por íla. As casas eran vellas, con balcós corridos de varanda de madeira, e parecían as dun pobo mariñeiro, por ser estreitas e altas. Víanse algúas tendas con escaparates sin vidros, onde se expuñan aparellos de bestas, liames, nasas pra pescar, quinqués e candiles de metal e de folla de lata.

A praza, con alcacias e bancos de pedra, tiña no medio e medio unha fonte, e servía de feiral e de adro da eirexa. Había varios alpendres de pedra, sin calear.

A igrexa grande, fermosa i antiga, de estilo románico, cunha torre moi alta con catro campás, enriba do porche de pilastras da entrada.

Unha gran ponte de xoroba puña en comunicación o Burgo vello co Burgo novo. No Burgo novo estaba o camposanto i unha dúcea de casas á beira da carretera. Tamén estaba alí a reitoral, nun antigo pazo da Renacemento, que tiña unha gran solaina de arcos traballados, toda de cantería, i un escudo de oito coarteles.

A xente da vila estaba moi orgullosa do seu "casino", que tiña bar, biblioteca e mesa de billar. Alí iban tomar café e xogar o secretario do Auntamento, o do Xuzgado, o médico, o boticario, o veterinario, i outros máis.

Naquil casino conocín e tratei ó Ferrete i ó Séneca, escribentes do Auntamento e do Xuzgado. Eran dous tipos moi vilegos e imitábanse moito.

Os dous eran pequenotes, morenos e grosos, i andarían pola coarentena. Sentíaseles decir decote: “cachelada”, “farta de troitas”, “pulpada”... Parecía que naceran pra andar de enchente todo o ano de Dios. Os seus alcumes de “Séneca” e “Ferrete” víñanlles da súa teima e da súa arte de espelexar ós outros vilegos. Sempre andaban a pescudar as vidas alleas i a lles atopar luxas. E tamén andaban sempre un candia o outro, coma o corpo i a súa sombra.

Tamén iba moito por alí o boticario, o don Gumersindo, a quen o Séneca i o Ferrete chamaban o Boticas. Era iste un home miúdo e baixo, aínda novo, que usaba gafas. Queixábase sempre do tempo. Amoláballe o mesmo a calor que o frío, a choiva que a sequía. E tiña moito medo dos microbios. O Ferrete decía dil que sempre collía os picaportes cun pano, por medo de apañar algunha enfermidade. I o Séneca contaba que cas o boticario sempre se bebía o leite fervido e tamén a iauga. E logo engadía ríndose moito, que o don Gumersindo se bañaba en alcohol cinco ou seis veces ó ano. Eu, cecaís por saber que era moi dado á lectura, fixérame amigo dil. Emprestabámonos algús libros un ó outro.

Moitas veces que estaba eu de vagar, iba ás xuntanzas de rebotica. Parolaba decote co veterinario, co señor cura e con dous fidalgos moi afeizoados á caza.

Alí sentira contar o conto de que o Ferrete, na súa mocidade, embarcara pró Brasil, e que non fixera máis que chegar a Río e colle outra vez o barco pra acó, chorando coma un neno... Algús decían que fora morriña; mais o boticario contáballe a todo o mundo que collera medo dos negros. O Ferrete ben sabía o conto do boticario e por iso decía, volvéndolle a coña, que a peixeira que había no escaparate da botica, estaba chea de auga destilada, pra que os peixes non agarrasen microbios.

Direi agora que a botica era unha de tantas boticas de vila. Moitos estantes con moitos tarros de louza branca, con letreiriños; moitos caixós con caixiñas; un mostrador pequeniño con lousa de marbre, onde había unha balanza de precisión. Na rebotica, unha mesa chea de matraces, probetas i almiireces... O escaparate era un dos poucos da vila que tiña cristal. Alumábase de noite con luz de candil de carburo... O casino e maila botica eran as dúas únicas casas que tiñan instalación de acetileno... Víase alí unha gran morea de “pastillas de jabón de olor” e, no medio e medio, unha peixeira de vidro azuado con catro ou cinco peixes vivos. Os picariños miraban pra íla dende fóra apegando as caras ó cristal do escaparate.

O don Severino, o veterinario, era o primeiro que aparecía nas xuntanzas da rebotica... Un home baixote, que andaría polos cincuenta anos, nativo de Trives. Falaba moito dos viños de Ourense.

E logo don Tomasito e don Mariano, que chegaban sempre á botica ó empardecer do día. Dous fidalgos que vivían das súas rentas i andaban tres

meses de caceta cáseque arreo. Moitas veces viñan á botica de polainas, acompañados dos seus cas. O primeiro era alto i enxoito, con barba castaña en punta; o outro era grosso, un pouco máis baixo, de grandes bigotes pra enriba. A iste, vino algunhas veces de capa.

Tamén tratei alí a un señor chamado don Agapito, de mediana idade, baixo e magro. Tiña a testa grandisma i a cara redonda. Queixábase algunhas veces do frío.

Eu sentino disputar un día. Debía de sere home culto e moi pesimista. Falaba cun estilo algo finchado.

Decíalle ó veterinario:

—*Desengáñese usted, don Severino... Los actuales problemas sociales y económicos del mundo, no tienen solución. Estamos metidos en un callejón sin salida; o, mejor dicho, andamos sobre un volcán. Corremos alegremente hacia la catástrofe...*

I o veterinario contestáballe:

—*Pero don Agapito... Eso decíamos todos al final de la guerra del catorce, y el mundo no se acabó. Guerras y revoluciones siempre las hubo y las habrá. No hay época sin conflictos...*

I o don Agapito seguía ca súa.

—*Por eso... El hombre es la bestia más feroz de la Naturaleza. A la crueldad, añade la perversión... La psicoanálisis ha revelado nuestro fondo de bestialidad...*

E don Severino, surriendo, decía con moito apouso i en galego:

—¿Non ve que tranquilos vivimos todos no Burgo, sin lus eléutrica, sin cine e sin arradio...? Deixe que o mundo levede. Se hai ballón, xa estralampará... E non faga caso de psicoanálisis, qui é cousa de tolos, coma o cubismo.

Mais don Agapito, teima que teima:

—*Las masas proletarias, alucinadas por las doctrinas utópicas, acabarán por romper el dique de las formas jurídicas imperantes... Yo veo fulgurar la antorcha que prenderá fuego a la mecha del barril de pólvora...*

E non faguía máis que poñer o pé na rúa, cando todos, agás o boticario e mais eu, empezaban a espelexalo e a rirse dil.

—É un chiflado —dixo o Tomás—. Veuse vivir eiquí vai pra catro anos, cando herdou dunha tía súa, celibata coma il, a casa onde vive i us leirachos. Nin tan xiquer foi home de rematar a carreira de médico.

—E logo —dixo don Mariano— que nos dispregia a todos os da vila. Chámalle ó Burgo o “burgo podre”, e di que somos oscurantistas, retardatarios, retrógrados e non sei cántas cousas máis... Lorán... Non se ergue deica a medodía, e cando vai o tempo bravo xanta na cama. Un ano vende unha leira; pra outro, outra. ¿Se non sabe gobernarse il, como vai gobernar ós máis...?

—Non sai da casa —dixo o veterinario— deica o empardecer do día. Vén por eiquí, parolar un ratiño; vaise cear, aló polas dez; e logo, dá unha volta polo casino. Din que se pon a estudar na casa deica as catro da mañá.

—¿E que ha de estudar...? —dixo don Tomás—. Si estudiara, chegaría a médico; pois outramente din que burro non é.

—Pois estudia —dixo o boticario, que estaba a remecer un beberaxe escuro cunha canela de vidro— prehistoria, etnografía, arqueoloxía; que eu ben o sei...

—Cousas que non valen pra nada —dixo o don Mariano.

O veterinario dirixiuse a min:

—¿E non se fixou vostede na súa cara, tan redondiña e tan branca, que mesmamente parez de papel de barba ou de pan ácimo...!

—Eiquí —dixo o don Tomás— chámanlle Cara de Lúa. E din que se lle puxo asina a cara de tanto andar de noite.

—O alcume —dixo don Mariano— púxollo o Séneca... Moitas veces vírono ir, despois de estar no casino un bon ratiño, alá polas dúas da mañá, cara ó camposanto. Din que unha noite o Ferrete o velara e que o viu teimar de acender un pito nun verme de lus porque se lle esgotaran os mistos.

—Cousas das vilas pequenas... —dixo o veterinario—. Como hai moito vagar pra todo, tamén o hai pra lle inventar contos á xente.

—Unha vez —dixo don Mariano— metéronlle un lagarto no peto da chaqueta... Inda fai poucos días. Il non se decatou... O Cara de Lúa mete a mao no peto pra saca-la petaca, e sai o lagarto tamén. Il pega un brinco. E todos se partían a rir. Tivo unha gracia... Foi no casino.

—Non tivo ningúa —dixo o boticario, moi secaño—. O que pasa é que nistes pobos pequenos e nautros máis grandíños, o que non quer ser coma os demais págao moi caro.

Eu relembrei aquilo de “la terrible cordura de un idiota”, de Antonio Machado.

—¿E que fixo il? —preguntei.

—Colleu o largato polo rabo —dixo don Tomás— e botoullo enriba da mesa onde xogaban ó tute o Ferrete i o Séneca, decíndolles moi tranquío: “Eí tedes meu guante de desafío, godallos”... E botouse fóra.

Aquila mesma noite, fora eu ó casino candia o boticario.

O Ferrete i o Séneca, mentres tomaban café con autros, falaban de Cara de Lúa.

—... Pois eu xúrovos —decía o Séneca— que iste tío tan raro é salteador de tumbas.

—Burradas... —dixo o boticario.

—Din —dixo o mozo do bar— que vai coller caliveras ó osario e que ten máis dunha dúcea na casa. Quererá estudar os ósos do corpo... Como il estudiou a médico...

—Non, home, non —dixo o Ferrete—. En tempos antigos, había moitos que iban á terra con tódalas alfaías que tiñan e il vaillas sacar ós difuntos. Houbo quen o viu brincar de noite pola parede do camposanto, ás tres da mañá...

—Iso si qui é unha mentira ben gorda —dixo o boticario.

—Pois sábese —dixo o Séneca— que sempre sai da casa de noite e leva un saco cun picaño i unha pala de rabela corta.

—Por iso il vén sempre de abrigo, inque faga boa noite —dixo un señor de barba e de ollos de rato.

—Mais il sácase sempre o abrigo ó chegar eiquí —dixo o do mostrador.

—É que o esconderá inantes de chegar —terciou o camarero.

—Pois seña o que seña, —dixo o boticario— é un home ben valente. Ningún de vós teriades peito pra ir ó camposanto ás dúas da mañá.

—Non terías peito ti, ou outro coma ti —repticoulle o Séneca—, que eu son home pra iso e pra moito máis.

—Aventúroche vinte pesos —dixo o boticario— a que non es home de ir...

I atalloulle o Ferrete:

—Aventúrame a min outros tantos, e xa verás...

I o boticario:

—Non me fagas rir, meu querdíño... A ti, xa non che decía nada...

—¿E por que...? —preguntoulle o outro, medio brincando no asento, coma se lle pinchara un abábaro.

—Será mellor que non me fagas falar... —díxolle o boticario.

—Podes falar o que queiras —berroulle o Ferrete, petando co puño na mesa.

—Se ti —seguiu o boticario, sorrindo—, nada máis que en chegando a Río díche-la volta porque che regañou un negro os dentes...

Resoou unha gran risada.

Ergueuse o Ferrete, todo alampado, e berroulle ó boticario, meténdolle os puños na cara:

—Queda a aposta feita... O que se raxe, léveme o demo, é un capado. Eiquí están os meus vinte pesos, depositados na mao do mozo... Como me chamo Xan... Que o Pedro poña outros tantos, e ti a dobra... Di o día i a hora.

Deica aquila noite non soupera eu de que o Ferrete i o Séneca chamábanse Xan e Pedro, e iso que xa botara catro meses na vila.

—Pois ben —falou o boticario—, hoxe estamos a vinte... Pra o vinteseis, dous días dispois do San Xoán, á unha da madrugada, quedades citados entrambos no camposanto, e convidados a cear por min, tamén no camposanto. A cea corre da miña conta... Flan de postre, bon café, boa coñá.

—Pois por min —dixo o Séneca— mañá mesmo, xa que hoxe non pode ser, porque xa ceamos.

—Mañá tampouco —dixo o boticario—. En primeiro, porque teño que sacar un molde de cera do ollo da pechadura do camposanto, pra que o ferreiro me faga unha chave. Non é cousa que eu brinque pola parede da cesta da cea. Eu teño que estar alí agardándovos á unha... Outra, que istes días teño moito traballo. Pasadomañá é a feira... ¿Estamos? Trato feito. Veñan isas maos...

Os tres se chocaron as maos, riparon as carteiras e deixaron os cartos apostados na mao do mozo.

—Sairedes de eiquí, do casino, ós tres coartos prá unha da noite fixada, de hoxe en seis días —dixo o boticario.

E botouse fóra, dicindo que iba deitarse.

—Por certo —dixo o do mostrador— que xa fai unhas cantas noites que non aparece por eiquí don Agapito.

—Sentín decir —dixo o alcalde— que se fora consultar, non sei si a Lugo ou a Santiago. Xa fai tempo que se sente mal dos fídagos. Ten moito medo de ter un cáncer. Polo visto, vaise ver ós Raios X. Seica a súa nai i o seu avó morreron de cáncer. Il di que o cáncer non se pega, mais que se herda...

Dúas noites despois, eu estaba no bar do casino lendo o *ABC*, á lus dunha lámpada de acetileno.

Tódolos socios do casino estaban moi orgullosos da instalación de acetileno.

Un señor de bombín e madreñas, que tiña unha barba moi longa, iba e viña polo salón deténdose diante das mesas dos xogadores.

¿Quen sería o animal do pintor que pintara aquil fresco, na parede de enfrente, do Capitolio da Habana...? O mesmo que pintara aqueles tres acorazados botando fogo polas dúas bandas e sulcando un mar de ema de ovo...

O xuez municipal sentouse na miña mesa e díxome...

—E xa saberá vostede o do probe don Agapito...

—¿E que lle pasou, logo...?

—Pois que morreu en Santiago... Foise aló operar e morreu na operación.

—Non sabía cousa... Abofé que o sinto de veras.

—Polo visto xa tiña os fígados apodrecidos e chegáballe o cáncer ó entripado. O ciruxano abriu e coseu de seguida. Xa non había qué faguer... Vexa a esquela de defunción.

I asomouse unha esquela cunha gran beira negra. E liu en voz alta: "Don Agapito Méndez Traseira. Falleció cristianamente en esta ciudad de Santiago el 20 de los corrientes, a los 45 años de edad..."

Arrechegáronse á nosa mesa seis ou sete persoas, i empezou o coro de loubanzas...

O mozo do bar:

—Déixame dunha peza... Hai que ve-lo que somos... Fai oito días, a istas horas, estaba nista mesma mesa tomando café, e tan campante... Moi bon home, non dispreciando a ninguén. Estaba algo mal da cabeza; mais outramente, non se metía con naide.

O carteiro:

—E logo o que sabía aquil señor... Daba unha explicación moi xeitosa dos movementos da Lúa, do Sol e das estrelas... E que ninguén lle dixese que a terra era a que criaba ós bichos... Sempre decía que o ovo viña do ovo. E tiña razón, porque se a pita pon o ovo a pita tamén sai do ovo.

O do mostrador:

—Víñase eiquí e pasaba moitas horadas lendo nun libro. Cando máis me gostaba era cando falaba dos tempos antigos; cando decía que os primeiros homes que viñeran ó mundo vivían en covas no monte... Fai milleiros de anos... I andaban vestidos con pelexas e mataban os animás con machadas de pedra.

O aguacil:

—Nunca eiquí chegou un home de tanta sabencia. Todos lle deciamos que debía de poñer pasantía... Acórdome ben dunha retesía que tivo co veterinario de si o home viña ou non viña do mono... E díxolle: “Usted saberá mucho de capar ranchos, pero no sabe una palabra de astronomía ni de ‘fisofolía’”...

O Ferrete:

—Quererás decir, besta brava, de filosofía... A Filosofía é... ¿que che direi eu...? A ciencia que trata dos corpos e das almas, e dinos cáles son os misterios cerebrales... Don Agapito, en paz descanse, era un filósofo... ¿Non lle sentiches decir moitas veces que unha cousa non podía ser e non ser ó mesmo tempo...? Unha pataca, poño por caso, nunca pode ser unha laranxa... ¿Entendiches, xíbaro...?

O aguacil:

—Pois pra saber que unha pataca non pode ser nunca unha laranxa, non faguía falla que mo dixese don Agapito... Pra iso me diu Dios o entendemento... O que lle entendín moi ben foi aquilo de que o home viña do mono, cando dixo que pra sabelo abundaba con velo a vostede...

O Séneca:

—Deixádevos de coñas... A Filosofía di se hai Dios ou non hai Dios... Si temos alma ou, dispensando, somos coma os porcos... Era un home moi ben educado... E lía o francés de corrido, coma se fora o castellano.

O carteiro:

—Dende logo, que pra apreciar o que un home val, ten que morrere.

E chegou o día da aposta...

O Ferrete i o Séneca estiveron no casino botando un chisco, i ós tres coartos prá unha saíron pró camposanto. Soupen despois que o aguacil fora tras diles velándoos deica a mesma porta.

Inantes de saír díxerálles:

—De parte do Boticas, coma vostedes lle chaman, que lle asubíen en chegando á porta do cemiterio, porque vai moito escuro. Responderálles il con outro asubío. Verán unha lus. Collan cara a aló directamente. E volvan asubiar.

E botáronse fóra os dous.

En pasando a ponte, díxolle o Ferrete ó Séneca:

—¿Sabes que non me gusta nin pouco nin moito ista aventura...? Meus pais criáronme con moito respecto prós difuntos.

E díxolle o outro:

—Si te rachas, cichón, non me volvas dar fala en toda a vida... Todo iso dos aparecidos sonche prosmeiradas das beatas e dos cregos. Os mortos durmen e non se espertan nunca.

—Qué queres que che diga... —dixo o Ferrete—. Inda estamos a tempo de nos volver... Diremos que nos detivo a Guardia civil.

—Pensei que eras máis home, caracho —díxolle o Séneca.

—Agarda, que se me desabrochou un zapato... —pregoulle o Ferrete—. Non se ve cousa.

—Xa estará agardando o Boticas.

—Acende un misto, que non sei si perdín o mecheiro.

—O que non perdiches é o medo —díxolle o compañeiro—. Espabila, que o que imos perde-los dous vai ser a cea.

—Pró que eu vou comer... Sinto un nudo na gorxa, i a boca seca...

I o Séneca:

—Xa chegamos. Vou tenta-la porta... Si te vas, eu sigo solo... ¿Non ves que se riría de nós todo cristo na vila, dous anos arreo...? I abriu a porta e despois meteu os dedos na boca.

Non lle responderon ó asubío.

—¿... Ves...? —dixo o Ferrete—. Tamén o Boticas colleu medo, e non veu. En dúas lancañadas, poñémonos na casa...

Mais en ramatando de decir isto, sentiuse o asubío do boticario.

O Séneca volveu asubiar. Contestoulle o boticario... Viron unha lus, coma dun misto, a cen pasos.

Sentiron loguiño unha voz:

—Asina me gustan as persoas valentes. Arrechegádevos... Eiquí tedes xamón, queixo, pasteles, viño, café e coñá... Hai que beber pola bota.

Viron ó boticario sentado nunha sepultura, debaixo dun sauce chorón, cunha linterna acesa.

—Sentádevos. Imos cear... —dixo.

—Eu non traigo apetito —dixo o Ferrete.

I o boticario:

—Bota un trago, Xan. Eiquí tes o pan, o xamón i unha navalla...

E de alí a un ratiño decía o Séneca:

—Qué xamón máis gracioso... Veña a bota.

E despois foi o queixo e mailos pasteles.

—Outro trago —decía o Ferrete—. Xa estou máis tranquiño, gracias a Díos.

—Máis queixo, máis pasteles —decía o boticario.

I o Séneca:

—É lástima que o café veña frío... O cear ben é unha groria, inda que seña no camposanto. É cousa de cine... Somos tres tíos con toda a barba.

—Non, que vén quente —decía o boticario—. Trógueno nun termo. Veña a linterna... Eiquí está, ó pé diste alciprés, mesmo a carón da botella da coñá... Xa veredes qué coñá... Sinto friaxe nas cachas, de estar sentado tanto tempo nista lápida.

O Séneca diulle o foco ó boticario e díxolle:

—Agarda... ¡Que casualidade...! Ista é a sepultura dun tío meu, irmao da miña nai, que morreu polo tempo da gripe. Veleiquí: “Don Pedro Gancedo...” Xa podías buscar outro sitio.

—Escollín iste por estar debaixo do chorón, e non verse a lus dende fóra... Teu tío non nos oirá... Bebe ti o primeiro... Xa ten azucre.

E todos beberon café polo vaso do testo do termo.

—Foi lástima —dixo o Séneca— que non trougueras us bos habanos pra fumar candia a coñá.

—E non había de tragner... Eu sempre fago as cousas ben. Un pra cada un, e dos bos... Proba, Pedriño.

—Dá groria —dixo iste— beber iste café tan quentiño.

—¡Centella...! I é Partagás... —dixo o Ferrete pasando o puro por diante do cristal do foco.

—Imos ca coñá —dixo o boticario—. Terémola que beber tamén pola taza do termo.

—¡Que boa está!... —decía o Séneca, dando bocós á cunca do termo.

E cada un baleiraba a cunca en dous ou tres grolos.

—Parez —dixo o Ferrete— que sinto ruxir algo tras de min.

Os outros reviraron as testas e puxéronse tamén a escoitar.

O boticario termaba do vaso e batíalle na mao, de cheo, a lus do foco; o Séneca, zugaba do puro... O Ferrete puido ver cómo lle caía a coñá ó boticario e cómo se lle desprendía dos labre o puro ó Séneca... Achegábase a iles un home, ou o que for, moi amodiño, todo branco dos pés á testa, que traguía algo na mao como unha vela acesa. Parecía dirixirse ó Séneca.

—Faga o favor... —dixo—. Colla lume pró seu puro diste fuego fatuo... ¿E vostedes se non é moita a pregunta..., que tempo hai que morreron...? A min, enterráronme antonte en Santiago de Compostela; mais outramente,

viñen dar unha volta por iste camposanto, pois tiña de costume cando estaba vivo de vir eiquí fugar nas tumbas...

—¡Cara de Lúa...! —berrou o boticario, deixando caír o vaso do termo.

—¡Cara de Lúa...! —repetiu o Séneca.

—¡Ca... Cara de Lúa...! —tatexou o Ferrete—. Ma... ma... mañá pagarei dez misas pola tu... tu... túa ialma.

—O mesmo... servidor de ustedes —dixo o home branco, ripando o chapeo da testa.

I os dous cisparon coma dúas lebres...

O home branco sentouse na sepultura.

—Teño —dixo— unha fame de lobo. Eu tampouco ceara ¿Deixaron algo ises coitadiños...? Que corran hastra que se esnafren... Es un gran comediante, Boticas... ¡Con que naturalidade desenrolaches o teu papel...! Se cáseque me levei eu medo ó verte tremar.

—E ti —dixo o Boticas— estiveches barbarismo. Unha verdadeira ánima en pena... Boa leición que levaron... O do fuego fatuo... Hai que ve-lo que discurras... ¡Ja, ja, ja...! Tes eiquí queixo e xamón... Inda quedou un chisco na bota. Saca a sávena.

Cousa dunha hora despois, o boticario e don Agapito chegaron ó casino. Estaban alí máis de vinte persoas agardándolles. Convidaron a todos cos pesos da aposta.

E tiveron que contar a escea do camposanto catro ou cinco veces.

—Unha broma verdadeiramente histórica —decía o xuez—. Quedará constancia por anos de anos nista ilustre vila.

Decían us que o millor fora o da esquila; outros, que o da sávena; outros, que o do fuego fatuo.

E sentíanse as gargalladas no coartel da Guardia Civil, que estaba a máis de douscentos metros do casino.

Nin o Ferrete nin o Séneca volveron poñe-los pés alí, según me contaron, deica un ano ben pasado.

CONTOS DA NÉBOA

Amarello e Habere la olhou pelo seu charuto, que rolava pelo braço direito no encosto da "Gua-Bacana". Também estava a olhar para ele de caso los. Havia uma coisa que perguntava-lhe. — Il chevreuil est une chevreuil? O Boudape, que lhe vencia o título de mestre a saltar, depois, que seia depois de chamar galocha. — Il est un chevreuil.

Habiam estado toda noite por lá, mas lá do lado, a direita do Pulvêdo, que tinha a sua própria loja de roupa e de roupa a medida. Fingiam não ter mais nada mais coelho, e tiravam de dentro que coelhos, que a Família, a tradição do Nono.

Cumprimento todos eram de cima, e não de baixo. O Chiffonadeiro. O Papaveiro chamavam-se assim, não pois grande coisa pagada, que provavelmente parecia um boque ou girafa, mas porque tinha vez alguma o nome de do Coelho, no bomo de Pato, por causa de três coelhos, ou pimento papaveiro e tal.

— (Pellécula, mas por que ou não?) — perguntando à coelho.

— (E é o que contém uma trapaça? Por os anos? Andando, que se, quando, não por um ou não.)

O Chiffonadeiro, trabalhava com papéis de Lapa. Era o melhor trabalho, mas estava muito e não era fácil. As suas linhas ficavam que de lá e de lá e de lá e de lá, não estava cada um em um ou em um ou em um. Como isso parecia que il galeto e o que galeto em calcanhar, viera a expor. — Então, queira que seja, o Chiffonadeiro, sempre lá e sempre, e mesmo é um Colerio Eleonora que a sua Xuxa e Fátima.

— Vou desmontar a sua Xuxa e Fátima e Montalvão.

— (De maneira a ser imperador. O tempo vai se passando.)

A sua vez de ir. Por isso, a parida de sua Endrepa, a sua.

— Mais, dit-il, si vous ne pouvez pas le faire, je vous en prie, ne le faites pas. —

— Si vous le faites, dit-il, vous le faites à votre péril. —

— Si vous le faites, dit-il, vous le faites à votre péril. —

— Mais, dit-il, si vous ne pouvez pas le faire, je vous en prie, ne le faites pas. —

— Mais, dit-il, si vous ne pouvez pas le faire, je vous en prie, ne le faites pas. —

— Si vous le faites, dit-il, vous le faites à votre péril. —

— Mais, dit-il, si vous ne pouvez pas le faire, je vous en prie, ne le faites pas. —

— Mais, dit-il, si vous ne pouvez pas le faire, je vous en prie, ne le faites pas. —

— Mais, dit-il, si vous ne pouvez pas le faire, je vous en prie, ne le faites pas. —

— Mais, dit-il, si vous ne pouvez pas le faire, je vous en prie, ne le faites pas. —

— Mais, dit-il, si vous ne pouvez pas le faire, je vous en prie, ne le faites pas. —

— Mais, dit-il, si vous ne pouvez pas le faire, je vous en prie, ne le faites pas. —

— Mais, dit-il, si vous ne pouvez pas le faire, je vous en prie, ne le faites pas. —

— Mais, dit-il, si vous ne pouvez pas le faire, je vous en prie, ne le faites pas. —

O GALO

Andresinho o Cabezudo ollou prós seus chanclos, que mercara por tres pesetas no comercio da “Gran Bretaña”. Tamén levaba capa e paraugas por si de caso for. Había unha néboa pingona. ¿E il chovería ou non chovería? O Restrepo, que iba candia il, levaba zamarra e calzaba zocos, que seica tamén se chaman galochos.

Estaban citados todos trece pra ir cear cas do Nasa, o figón do Polvorín, que tanta sona ten en Lugo i en dúas légoas á redonda. Ninguén tiña tan boa mao prós coellos, o mesmo de monte que caseiros, que a Parrula, a cociñeira do Nasa.

Cuasemente todos eran da curia, agás do Papaovos i o Chilindrainas. O Papaovos chamábanlle asina, non pola grandísima papada, que cuasemente parecía un bocio ou gaxolo, senón porque unha vez comera il solioño cas da Concha, no barrio da Ponte, tres ducias de ovos cocidos, con pimento picante e sal.

—¿Poñémola mesa pra seis ou oito? —preguntáralle a cociñeira.

—¿I a ti que corcio che importa? Pon os ovos i andando, que eu, comendo, valio por seis ou sete...

O Chilindrainas traballaba nun periódico de Lugo. Era il medio bohemio, inque estaba casado e tiña tres fillos. As malas língoas decían que desde o medio ó remate do mes, sólo ceaban cada un un ovo na súa casa. Coas tres pesetas que il gañaba e co que gastaba en cafeses, vasos e copas... Onde queira que fora, o Chilindrainas sempre iba a mantido, o mesmo a un Colexio Eleutoral que a uns Xogos Frorais.

—Vou de *mantenedor* a uns Xogos Frorais a Mondoñedo.

—¿De *mantenedor*? Imposible. Ti sempre vas de mantido.

A cita era ás sete. Primeiro, a partida de tute. Endespois, a cea.

Foron chegando, cos seus paraugas, capas ou zamarras, o Caiños, o Cela, o Cachana, o Bastián, O Destoncias, o Currecurre...

Os tres derradeiros foron os primeiros en poñe-lo pé cas do Nasa.

Era aló polo día dez ou once do mes de San Martiño do ano doce.

E, seguindo o costume da pandilla, os tres se puxeron a falar todo o mal que podían dos que aínda non chegaran.

—Mira ti o caso do Andresiño o Cabezudo. Eu ben sei que empresta cartos co dez por cento de intrés. A señora Maripepa do Rul pediulle seis mil reás emprestados pra librar do servicio do rei ó seu fillo máis vello, o Pepiño... E tívolle que paga-los réditos vendéndolle ovos a seis reás a ducia. Figurádevos cántos ovos...

—¿E por que o sabes ti, Destoncias?

—Pois porque mo contou o mesmo Pepiño. E cando rematou de contarmo, eu díxenlle: “No mundo enteiro non hai outra mai como a túa, Pepiño. Mira que te librou do servicio militar a puro huevo...”

Estourou unha risada coma un trono. A lus da bombilla batía na cara do Currecurre, de ollos pequerrechiños e bigotes caídos, coma os dos chinos. Naquil mesmo intre Andresiño o Cabezudo subía a escaleira...

—¿E de que vos rides tanto, golfantes?

Saltou o Destoncias:

—De que somos trece, que é mal número.

—Pois a min non me gusta cousa. Cando hai trece homes xuntos, sempre hai un Xudas.

Os outros, chegaron de contado. Uns baixos, outros altos; grosos, enxoitos, roxos, morenos...

—Inda non chegou o Chilindrainas.

—Cata que non podía vir.

—¿E non ha de poder? Vén a mantido, como sempre, convidado por min. E non empeza a traballar hastra as once da noite.

—Eisí ten isa cara de leite fervido... Fai il o número trece...

Chegou de alí a un instantiño, co paraugas, mais sin gabán nin outra roupa de abrigo. Todos se sorriron, mirando pre il... Deixaría o abrigo, coma sempre, na Casa de Empeño.

O Nasa trougo dúas baraxas, xarras con tinto dos Peares...

—Pantrigo e queixo, pra facer boca, namentras agardamos pola cea. Ás nove...

—Mais non teño coello nin perdices. Cachelos e chourizos, e despois...

—¿Que?

—Teño un galo noviño, que inda non fai un ano que pica ás pitas, dispendo. Poñereino con arroz e uns pimentos morrós.

—Moi ben. Vaino preparando...

O Cela ripou o reló do peto do chileque. Un reló de ouro, cun colgante tamén de ouro.

—Cousa preciosa ise colgante. Mirade qué figuras ten no dereito e mais no revés.

—Deixoumo un tío meu que viviu trinta anos na illa de Cuba.

—Iste triángulo que vedes é o célebre amuleto da Abracadabra, pra facer pauto co Demo. A outra figura dos dous triángulos é o chamado “Pentagrama de Belcebú”, pra chamar ó Demo pra que diga ónde hai un tesouro. Son figuras que usan moito os negros ñáñigos de Cuba nos seus meigallos.

—Tamén eiquí hai ben meigallos e toda cras de aparecidos. Sin ir máis lonxe, o dez de agosto aparecéuselle unha pantasma a un carabinero que volví de Estepona con permiso, mesmo mesmo na porta do Camposanto, por detrás da verxa...

—Pra eu creelo, tiña que velo...

—Un home con chistera e levita, como se fora de duelo nun enterro de primeira.

... O bon do carabinero iba fumando. Aquela noite, aló pola unha, lostregaba ó lonxe. Veu un lostrego, i o carabinero, que traguí unha maleta, sentiu que soaba unha voz que lle decía:

“¿E faramo vostede o favor de me dare lume pró meu pito...? Levo tanto tempo no Camposanto que se me esgotaron os mistos”. O carabinero quedouse aterrecido ó ve-la pantasma á lus dun lostrego. E botou a correr canto puido, tirando coa maleta...

Us, rían; os outros, fitaban pró narrador sin pestanexar.

—Mais ó carabinero deulle vergonza escapar, inda que fora dunha pantasma, maiormente acordándose de que levaba pistola e de que era carabinero. Botou mao á pistola, que era de reglamento, e berrou: “Vas saber ti o valentes que somos os carabineros de España”. Volveu coller a maleta e desenfundou a pistola, cando sentiu que lle berraba a pantasma: “Córrelle o seguro, pasmón”. O carabinero disparou dúas veces e botou a correr sin deixa-la maleta...

—Por iso dixeron que houbera tiros aquela noite á porta do Camposanto, porque estaban violando unhas tumbas...

O Caiños botouse a rir...

—Era Pepe Montero, que quedara pechado no Camposanto...

Mais o Currecurre seguía coa teima dos aparecidos:

—Pois eu dígovos que ben poidera ser unha ánima en pena ou o Demo en figura de pantasma.

—O Enemigo —dixo o Cela— pode encarnar nunha ovella, nun cocho ou nun galo. No *Ciprianillo* hai escritas máis de trinta maneiras de conxurar ó Demo...

Namentras, o señor Nasa estaba na cociña vendo cómo a Parrula esprumaba o galo. Subiu enriba e preguntoulles ós comensales se querían queixo de Castilla de postre ou melocotón de bote.

—As dúas cousas.

—Dígolles que por seren vostedes matei o galo, porque estaba encaprichado por il. Era moi bonitiño... Unha vez que estivo eiquí o pintor Corredoira sacoulle un dibuxo, pra pintalo na casa. E tamén o Manoliño Castro Gil, o fillo do conserxe do Aiuntamiento, que disque lle dá moi ben á pintura. Pintouno tal como il era, coa crista vertendo sangue, como un caravel, i as prumas verdes do papo, i os colgantes encarnadiños, i o rabo con catro prumas que parecían de metal...

Foise pra embaixo o señor Nasa i a Parrula meteu o galo nunha pota grande chea de iauga.

A Parrula era unha rapaza pequenota ela e grosa, que petaba moito ó andar. En cambio o señor Nasa, máis ben alto i enxoiro, sempre parecía que iba en zapatillas, inda que calzase galochos ou zocos.

O testo da pota onde estaba o galo saltou polo aire e caíu ós pés da Parrula. E saíu o galo da pota, correndo pola cociña adiante.

—Esquencíchete, rapaza, de cortarlle o pescozo ó galo no cepo de pica-la leña...

—Pois cando o matei sangraba ben...

—Non o mataches, que inda está vivo. Velaí como corre o condenado. Se conoce que ó chegarlle a quentura ó corazón...

—Ten meigallo.

Mais o señor Nasa non a escoitaba. Iba tras do galo, que saíu ó pasillo e colleu escaleiras arriba.

Naquil mesmo intre decía o Papaovos coa súa grosa voz de cantor da corda de baixos do Orfeón Galego:

—Din que o Maligno, chamado tamén o Enemigo por sere nemigo de todos, pódese meter no corpo dunha cabra, dunha xuvenca ou dun galo. Xa se diron moitos casos e pódese dar outro agora mesmo...

O galo, ó chegar ó comedor deu un brinco sobor dunha silla baleira, e da silla saltou á mesa, derrubando catro ou cinco vasos cheos de viño. E tras dil chegaba o señor Nasa.

Tódolos curiales puxéronse de pé, como se aparecera alí o señor presidente do Tribunal Supremo.

Naquil mesmo intre apagouse a luz.

Fundíronse os plomos.

I o galo sin prumas cantou tres veces, como si estivera alí o mesmo San Pedro.

—¡Quiquiriquí!

Deixouse ouvir a voz americana de Andresiño o Cabezudo:

—Iso vai por ti, Papaovos.

O galo cantou con máis forza aínda:

—¡Quiquiriquí!

—Iso vai por ti —dixo o Papaovos ó Cabezudo.

—¡Quiquiriquí!

—Iso vai por min —dixo o Chilindrainas, pensando en que os seus fillos levaban dúas semás deitándose cun ovo por toda cea.

—Ninguén che dixo cousa...

E volveu a luz.

O Papaovos estaba rubio coma un tomate. As orellas do Cabezudo parecían tan coloradas coma a crista do galo. A cara do Chilindrainas alampábase como si fora estoupar.

E tódolos outros estaban pálidos, marelos coma o pergameo. Hastra o Cachana, tan preto de seu coma un mulato.

—Eu sentín o arreuizo...

O Señor Nasa botou a mao ó galo, que parecía morto de veras, deitado no medio e medio da mesa.

—Non lle toque, que ten o Demo no corpo.

—Coidado, que está enmeigado.

—Pois enmeigado ou non, ha de volver prá pota.

—Coa fame que teño, eu como ó demo polas patas.

Ás nove en punto, todos estaban comendo o galo con arroz.

—Chúpanse os dedos...

—Ben lle cómpre... Non me convence iste xeito de prepara-lo galo con arroz...

Chegou o señor Nasa cunha razón pró Chilindrainas e pra que a soupesen todos.

—Asesinaron hoxe en Madrid ó señor presidente do Consello, don José Canalejas...

—Isto é o que che quería deci-lo galo...

—E cantou us intres inantes de morrere, como din os poetas que fai o cisne...

Ninguén soupo se rire ou non rire. Todos ficaron calados.

Chovía. Foron saíndo de dous en dous.

O Currecorre i o Destoncias iban traseiros, entramos baixo do mesmo paraugas. E dixo aquil polo baixo:

—Facía ben anos, máis de vinte, que non arremedaba o canto do galo. Cando tiña doce non había ningún neno na miña aldea que arremedase tan ben o cuco ou o peto coma min. Asubiaba coma un merlo. A ocasión píntana calva... Terma do paraugas, que vou mexar, dispensando...

I entramos partíanse a rire...

O Cabezudo deitouse coa súa muller, sin dispensar, a doña Filomena. Aló polo fusque-lusque, pegoulle ó seu home un belisco na barriga...

—¿En que diaños soñas, Andresiño, que fai media hora que estás cantando quiquiriquí, coma se foras un galo?

Daquela non era o mesmo que hoxe...

DE CÓMO ME ATOPEI CO DEMO EN VIGO

Sin saber cómo nin cómo non, atopeime en Vigo, nunha das súas rúas máis céntricas, qui é a de Colón. Ó teimar de pasar prá acera onde está o periódico *O Faro de Vigo*, sentín que algo se me atravesaba no camiño; din un traspés e enfuciñei no chan. Non vin nada. Mais a sensación era de como si se me atravesara unha corda. Mais unha corda tampouco é verdade. Porque o que sentín nas canelas era mol, tépedo i amorosiño como a pel dos gatos. Pensei vagamente no rabo do Demo...

Nun tris estivo que non me collera un coche, outro, outro. Us coches rubindo a costa i autros tantos baixádoa.

Merquei un periódico. Ollei a data. Trinta de setembro do ano sesenta e cinco. Sin me decatar pasaran de golpe máis de vinte anos. Nin que eu estivera sentindo cantar o reiseñor da Gloria da cántiga do Rei Sabio.

Follei o periódico, collendo pola costa arriba. Intresoume moito unha conferencia que se daría ás oito da tarde no Mercantil. Xa empardecía e tiven que le-lo periódico á lus dunha farola... "Imperio da Súa Maxestade o Señor dos Infernos". Intresábame moito o tema. Estaba a darlle voltas á mesma idea, iba pra catro meses.

Ás oito da noite en punto xa estaba eu no ampro salón do Mercantil, onde ouvira eu tantas e tan intresantes conferencias.

Moito señorío na sala, o que se di. Chaquetas brancas, fraques, lentes, fotógrafos, unha dama ben entrada en anos, ollando pra us i autros, talmente como si lles pedira a documentación. Senteime eu na única cadeira baleira, que era unha dunha fila do medio. Dúas rapaciñas fitaron pre min como si acabase de apousarme no chan, coma se for un paracaidista.

Na tribuna, moitos señorós vestidos de branco e negro, de branco ou somentes de negro. Chegou o confreciante ou conferenciante —como máis lle

goste ó leutor—. Ergueuse o prúbrico, batendo palmas. O conferenciante era alto, forte, e usaba monóculo. Os fotógrafos sacaron placas e máis placas.

O que presentou empezou a falar, ó mesmo tempo que se sonaba co seu pano das nachas. Ó sonarse fixo un ruído como se sonara un corno de caza. Aseguraba que o conferenciante chegaba naquíl mesmo intre de xentar cas do Lúculo lampreas cebadas con carne dos corpos dos gladiadores que morreran no circo. ¿E pre que iba il a presentar ó conferenciante? O conferenciante era, polo menos, tan conocido coma o Demo...

Toda a familia que ateigaba o salón, volveuse erguer cando o conferenciante colleu a palabra. Dixo que levaba escribindo tres anos seguidos encol do Demo... O mesmo me pasaba a min... Fixo unha análese do Enemigo empezando pola punta dos cornos e rematando na punta do rabo. Dixo o nome do Demo en sánscrito, grego, latín, bretón, alemán, provenzal, galego, etc. Estaba a escribir unha Morfoloxía do Demo e mais unha Demoloxía. Houbo un estremecemento, un arrepío antre o púbrico cando o orador presentou á consideración de todos a chamada “Sarta de Demo”, formulada por il por primeira vez:

—Xa veredes o que facedes. Se vos cómpre ou non vos cómpre... Ou restaurades o Sacro Imperio Romano Xermánico, entendido ben, ou o Reino de Satán hase de estender por todo o mundo á volta dus anos.

Moitos dos ouvintes erguéronse, dando morras ó Demo. Mais o orador fixo silencio e adevirtiu a todos de que se decatasen que o Demo era inmortal. Nin tan xiquer o Demo deixará de andar polo mundo mentras os pais teñan fillos.

Ó promedia-la conferencia, o orador chamou cunha campanilla que había enriba da mesa. Acudiu un botones cunha chaqueta dobrada no brazo. O orador á vista do púbrico, cambeouse de chaqueta. Dixo que a necesidade de se cambear de chaqueta, cinco veces ó día polo menos, era pre il cuasemente biolóxica. Carexouse despois a perilla ou barbiña. Púxose a enredar co monóculo, sacándoo e poñéndoo. Unha vez, cando o tiña sacado, caíulle da conca do ollo do monóculo, que era o dereito, unha boliña de vidro coma a das gaseosas que custan tres chicos, que chaman “boliches”. Rebotou no chan como unha pelota e foi caír nunha cuspidreira. O conferenciante sacou a boliña de alí e volveuna encaixar na conca do ollo. ¡Levaba un ollo artificial! O que máis me chocou foi que ninguén se rira. Por iso non me estrevín eu.

Rematou de falar o orador. Máis fotos aínda. E cando eu me dispuña a saír, vin que me acenaba o conferenciante, invitándome a subir á tribuna. Dume unha aperta, atutoume. ¿E non te acordas de min? Sempre fun o teu millor amigo. E de toda a vida. “Que lle saquen unha foto ondia min, prá cadea de periódicos onde eu escribo”. Presentoume a dez escritores, dez periodistas e tres directores de cine... “Xa escribín o guión prá miña nova película, que ha de titoarse, si Dios quer *Luzbel acaba de se esfregar*..”

—Pararás no meu hotel. O teu gasto corre da miña conta. E, no mes que vén, virás candia min á Bretaña. Alí si que sabe a xente cousas do Demo. Agora tes que vir candia min, a que nos fagan ós dous unha enterviu.

E fumos entramos aló...

Inantes de cear, catro ou cinco whisky con soda cada un.

—A enterviu xa sal no periódico de mañá...

E fumos pró hotel. Unha habitación con dúas camas e cuarto de baño.

Inantes de nos deitare pedinlle lume pró pito. “Esgotáronseme os mistos”.

—Tamén a min.

—A ver qué facemos.

—Non te preocupes. Mira.

O conferenciante batiu as maus unha contra outra e arrincou chispas.

—Colle lume... asina facía eu na Alemaña, no tempo da guerra, cando non había mistos. Insinoume a facelo o “demo da guardia” de von Ribbentrop.

No meu impeitizo empecei a sospeitar. Se o conferenciante era o Demo, o Demo era moito máis diabólico do que eu poidera crer. ¡Que cínico! Caradura, carauta... Aquelo da “Sarta do Demo”...

Cando me espertei, o conferenciante xa estaba no coarto de baño. Cantaba e ría. Enriba da mesiña de noite alguén pousara un periódico do día. A enterviu. Unha foto do conferenciante e mais eu. Mais eu aparecía nela cunha grandísima xoroba. Eu non teño xoroba. Cousa do Enemigo.

Vestinme e funlle perguntar ó conferenciante qué sinificaba aquilo. A porta do coarto do baño era de corredeira. Non estaba pecha de todo. Mirei pola regandixa. E quedeime arrepiado... ¡O Demo estaba afeitándose fronte ó espello! Enxabonábase a cara coa ponta do rabo. Ríase e botaba vento, que cheiraba a xofre. “O Demo —pensei— aproveita a ponta do rabo pra se afeitar”. O Demo é un aproveitado. ¿Cal sería o seu punto vulnerábel, o seu talón de Aquiles? Naquil intre o Demo deixou caír o rabo, que cáseque mediría tres metros. A ponta caíu perto da rendixa da porta de corredeira. Non o pensei máis. Abrín a modiño a porta, sin que il o sentira. ¡Vaia cornos que tiña...! Virados pre tras, coma os dos machos das cabras, con perdón. E piseille a ponta do rabo con tódalas miñas forcias...

O Demo deu un berro abraiante, ó mesmo tempo que botaba un vento que estourou coma unha bomba de palenque...

Espertei. Foi o soño da intuición do Demo.

HISTORIAS QUE NINGUÉN CRE

HISTORIAS QUE NINGÚN CRE

TRACATRÁ, TRACATRÁ, TRACATRÁ...

Era enxoito, esguío e paseaba sempre solo pola Ferradura, chovese, fixese sol ou nevase. Cuasemente sempre polo empardecer do día. Vestía elegante. En inverno, unha capa e unha bufanda. O chambergo era sempre negro. Usaba sempre chalina inda ben grandíña.

Andaría por cerca da trintena de anos. Asistía ás crases de Cencias e tamén ás de Letras na Universidade; mais non estaba matriculado. Decían que era poeta. Escribía sonetos e máis sonetos. Tamén decían que era moi sabedor de magia negra. E dempois fun sabedor que se chamaba don Elías de Andía e Campuzano e que lle correspondía un vizcondado vinculado á súa familia dende tempos de Alfonso X.

Dígolle a vostede que inda teño hoxe, despois de tantos anos, o triqui-traque daquel maldito caixón metido nos miolos: Traca, traca, traca... Cando oín eu o triquitraque, na librería da Rúa Nova, xa levaba alí catro anos. Levoume alí o sobriño do libreiro. Era unha caixa de case medio metro de beira e dous decímetros de alta. Pechada con dúas pechaduras e pintada de marelo. Mais o que moito me chocou era que tamén estaba clavada e sellada, con sellos de lacre e de papel con firmas. E quedeime dunha peza cando lin as firmas. Nada menos que do cadeirádego Nóvoa Santos e de Rodríguez Cadarso e a firma i o cruño dun notario.

Pregunteille ó libreiro:

—¿E daráselle corda tan xiquer unha vez ó ano?

O libreiro sorriu con misterio...

—Nin falar... É a caixa do movemento contino. Está chamada a ter tanta sona histórica como a caixa de Pandora.

Era polo tempo en que se usaban moito os aparatos de arradio con auriculares. ¡Maldita caixa! Fíxome soñar que me prendían e que me levaban á

Comisaria, acusado de poñer a bomba na “Unión General de Derechas”. Fora certo que estalara unha bomba facía tres días no referido Centro de Dereitas.

O primeiro preguntoiro correu de conta dun axente que tiña casementos tódolos dedos de entramas maus tortos. Cando lle mirei prós dedos empecei a tremar. Torcéranselle os dedos de dar tanta diviña... Era un axente social encargado de servizos especiais.

Tamén me chocaba que o preguntoiro fose en galego.

—Fai xa ben tempo que te coñezo. Estou encargado de casos moi especiais, como o teu. Levaba-la bomba debaixo da gabardina dobrada cando batín contigo na praza do Toural. Acordaraste ben do que che preguntei:

—¿Pra onde vas, Andresiño? ¿Non irás facer unha das túas?

O axente especial pasou os dedos polo bigotiño...

—Eu non puxen ningunha bomba —respotei.

—Xa mo dirás dempois de que dúrma-la sesta. Fai o favor de deitarte naquíl diván. Fai unha hora que xantaches e debes durmi-la sesta. Mais inantes mandarei que che traigan café e copa.

Trouguéronme café e unha copa de boa coñá.

—Xa verás cómo cantas pra cando pinguen as cinco, o máis tardar.

Entraron outros dous axentes. Tamén me chocou que falasen por señas, como os xordomudos. O primeiro axente papexou:

—Fai o favor de deitarte, meu queridiño, niste diván. Ben te decatarás que é como os divás ondia se deitan os herois das novelas rusas que ti les. Témolos preparados pra ti. O protagonista de *Crimen e castigo*, como ti sabes, dormía nun diván como iste. Mais ímosche poñer-los auriculares pra ouvir pola arradio unha canción moi bonita.

Falou por señas ós dous axentes, estes entraron e saíron. E traguían a caixa do movemento continuo, o caixón do traca-traca-traque da librería.

—Coneitamos co caixón do movemento continuo.

Eu tiña postos os auriculares i estaba deitado no diván.

Tracatrá, tracatrá, tracatrá...

O axente puxo un folio no carro da máquina e dirixiuse a min, mesmamente pasándome un pito aceso por diante dos fuciños...

—¿E que dis logo mangante...? ¿Cantas ou non cantas? Ti verás...

Os cascos seguían martelando nos meus ouvidos: tracatrá, tracatrá, tracatrá... Sentía que se me finchaban os miolos. E berrei:

—¡Canto o que vostede queira...! Hastra un solo da *Maruxa*... ¿Cal lle gusta a vostede máis?

Espertei. O espertador da mesa de noite seguía petando tic-tac, tic-tac...

Pasaron tódolos anos da nosa guerra civil. Fixen un viaxe en turismo á vila da Meira, un día de feira. Procedía eu de Lugo. O Xocas era o que guiaba o auto. Xa chegamos...

—Quedácheste dormido no coche e botaches unha sonata de media hora. E ibas papexando: “tracatrá, tracatrá, tracatrá...”

Nada máis que poñe-los pés na feira batiron meus ollos ca grosa figura do Roberto, o médico, moi amigo meu dende facía anos, en compañía do boticario, Xan de Barxa, tamén amigo meu.

Os meu ollos non daban creto ó que estaba vendo. Candia iles iba... ¡Don Elías de Andía y Campuzano! O inventor da maldita caixa do tracatrá, tracatrá, tracatrá...

Impresionoume a súa facha, o que se di. A súa distinción e tamén elegancia. O día era do mes de marzal e facía frío.

No medio do feiral disoñaba a súa silueta i a súa vestimenta, tan orixinal. Si, mesmamente, señor, parecía o detective Sherlock Holmes. Alto, enxoiro i esguío como a encarnación pelicular do famoso persoaxe creado por Sir Arthur Conan Doyle.

Vestía abrigo de esclavina, que se di macferlán, cunha gorra de visera a cadros marelos e negros. A cachimba fumegante pendurando dos labres. Calzaba guantes de color marela. E levaba un bastón de ébano con puño de prata. Tódolos cativos fitaban pra il.

Apresentoume seguidamente:

—Don Elías de Andía, o preceptor dos meus fillos máis novos. Dálles cras de Matemáticas, Literatura, Latín... Era amigo meu en Santiago.

Don Elías de Andía ripou o guante da súa man dereita pra me chocar a miña. E xa non voltei por Meira hastra pasada a guerra europea.

Fun saudar ó Roberto á súa propia casa. E pregunteille por don Elías de Andía.

—Vai pra tres anos que morreu. E foi dunha bronconeumonía. Como inda non había penicilina, palmouna.

—Penso que era poeta.

—Precisamente, vouche amosstrar uns folios mecanografiados de poemas seus. Xa sabes que eu entendo pouco de poesía.

Tróugome os folios, que pousou enriba da mesa. Os poemas eran sonetos. Un emprincipiaba asina:

*Un suspiro sucede a otro suspiro,
un lamento sucede a otro lamento...*

Outro emprincipiaba diste xeito:

*Todo se mueve, mueve, mueve...
Todo se mueve y moverá sin fin...*

E seguí a ler:

*Mi corazón, imán de la desgracia,
mi corazón, siempre ebrio de tinieblas...*

E díxome o Roberto:

—Noi sei si sabes que era o inventor da caixa do movemento contino. Quixo que a meteran ondia il no ataúde. Así o fixemos, envolvéndoa en trapos. E cando estaban metendo seu cadáver no nicho, sentíase o traque traque. E dixo un:

—Paréceme que na caixa de morto boliga un rato... ¡Que máis dá!

O Roberto invitoume a cenar na súa casa e, despois, a dar un paseo pola vila. O do paseo pareceume un pouco raro.

E dímo-lo paseo. O Roberto levoume ó camposanto. A porta estaba aberta. Había luar. O Roberto ripou do peto unha linterna eléutrica i acendeuna. Batiu o feixe de lus contra a lápida dun nicho de parede. Lin: “El señor don Elías de Andía y Campuzano falleció en esta villa...”

—Fíxate ben no curruncho de abaixo, á mao esquerda.

—Hai un pao que tapa un buraco.

—Tira con forza do pao i apegas a orella ó buraco baleiro.

—¡Feito está, recordio!

Apeguei a orella e sentín moi crariño, moi crariño: “tracatrás, tracatrás, tracatrás...”

¡A maldita caixa do movemento contino!

Dous días despois estaba eu xantando na miña casa de Villalba. Había invitados dous matrimonios. A miña dona, a miña sogra, os meus tres nenos. Pedira permiso pra botar unha sonetada na mecedera...

—¿A que viña tanta troula e tanta risada?

—¡Ja, ja, ja!

—“¡Tracatrás, tracatrás, tracatrás!”

—“A impresionante elegancia anacrónica de don Elías de Andía...”

—“Un suspiro sucede a otro suspiro, un lamento sucede a otro lamento...”

—“¡Tracatrás, tracatrás, tracatrás...!”

—¡Ja, ja, ja, ja, ja!

—Levas unha hora durmindo na mecedera, antes máis que menos... ¿E quen era ese don Elías de Andía?

Entendín.

Tiven que contar a historia da caixa do movemento contino.

II ARTIGOS

AMIGOS NA PAISAXE

Á volta de vinte anos, volvo andare por estas agarimosas terras. É un día craro e tépedo do primeiro outono.

¿E coma fora...? Cas noso amigo Domingo García Sabell ceábamos onte Ramón Piñeiro i eu. A forcia de pregos, noso vello amigo léranos unhas prosas inéditas, moi limpas e precisas, de moita orixinalidade. Arelamos de velas axiña publicadas.

Xa recordo... En rematando de cear, díxonos o Mingos:

—¿E que vos parez, lugueses, si mañá, despois de xantar chegamos deica Cesures? Virá candia nós o amigo Carlos Maside. Unha tarde adicada á paisaxe.

A gorentía de rever paisaxe, engandindo o relembro á visión. Non hai engado meirande.

Ponte da Rocha, o Faramello, Milladoiro, Calo, Iria...

Por iso estou agora eiquí, no camposanto de Adina.

Máis donde i amantiña ista campía que cando a vin por derradeira vez, vai pra vinte anos.

Unha tarde serea, de soave lucencia e melancónica fermosura. Síntese chirlar no aire a saudade dos versos rosaliás. O silencio é como unha rosa que vai desfollando. Azul pálido e gris de pérola.

Unha campía que é coma un campo, coma un niño, chea de humanidade, ategada de historia. Os mortos a carón dos vivos. Baixo da ramaxe dista oliveira estivo a tumba de Rosalía. Belido camposanto aberto á paisaxe, á beira das pedras ilustres. Unha lus que carexa, e un silencio que reza. Fermosa tarde pra morrere un poeta romántico. Asubía un merlo na sebe frorida.

Tal tarde coma hoxe, vai pra vinte anos, andábamos pola veciña terra de Mahía en compañía do noso gran amigo Luís Seoane. Ortoño, Bastabales, Bugallido. Cecais se acorde ó ler istas liñas.

O verde escuro dos piñeiros pon súa tristura no relembro. Tamén viña candia nós, noso querido amigo Luís Manteiga, que xa fai anos me agarda na ribeira do Alén. O sorriso pálido da tarde achéganos súa figura.

Xa fica lonxe Adina, coma unha imaxe tremante na iauga encorada. Un monte soave coma un seo perfílase na lonxanía baixo a espuma dos nubeiros. Un gran seo verde que nos recorda a copa dun castiñeiro.

A ricaz veiga padronesa ca súa tranquila ledicia. O Sar calado, vagariño e sorridente.

Eiquí está Padrón cas súas vellas pedras pardas e douradas. O sol da tardiña baixa, fai arder unha torre con labaradas de mel. É agora a lus coma un salaio. Non romba o río nin o vento. Un sosego que se gorenga coma un bon viño vello. Cain bágoas de ouro das árbores.

¿Por que non decir que Padrón é unha vila fermosa e antiga, de moito carácter?

Os pobos danse a mao. Cada un nos acena cun sorriso. Vanse esmorecendo no verdegante vagantío da veiga. Ista salgada ventolada nos di que o mare canta perto.

Xa estamos en Cesures. Cas Castaño, merenda de mariseos e viño branco do Ulla. Pensamos que ista casa debía de figurar, de propio dereito, no Atlas da Gula Galega. Langostiños, cigalas, vieiras.

Xa empardece. O ceo é tenro e sereo como cómpre a unha tarde ó relembro dos vellos amigos. A bágoa de lus dunha estrela raiola sobor dun teso. Formas e cores vanse esborrallando na noite.

Xa de volta en Santiago, atópome a meu vello e querido amigo, Maisimino Castiñeiras. Dazoito anos sin nos ver. Unha gran aperta. Parez que foi onte cando andábamos por istas rúas Arturo Cuadrado, Santiso Girón, Castiñeiras e mais eu. Na súa aperta e na súa crara ollada, traime meu vello amigo, toda a ledicia da nosa mocidade. Outra aperta de Rodrigo, outro vello amigo.

Temos que sacar unhas fotos. Ca nosa aperta levaraas Castiñeiras ós nosos grandes amigos de alá... A Seoane, a Cuadrado, a Lorenzo Varela, a Luís Tobío. Un día enteiro de lus que ha pesar nos grandes amigos de sempre.

Galicia Emigrante 6, 1954

O CARRIL DOS LOUREIROS

Sendo neno parecíame o bairro máis misterioso da cibdá, cos seus outos valados mouro e regañados, coas portas e cancelas cáseque sempre pechas. Cando deixaban algunha antreaberta, eu guindaba a ollada drento, dempois de asegurarme de que non ceibaran o can. E veleiquí a imaxen que ficou pra sempre na miña memoria: brancas pombas arrolándose, docísimas, a carón dos loureiros vedraños...

Cando chegaba a víspera do Domingo de Ramos, os rapaces agatuñaban polos valados e arrincaban ponlas de oliveiras e loureiros, pra levar a benzoar á Misa Maor, na Catedral. Iso, os rapaces probes, que os ricos levaban palmas de tenra coor de manteiga.

A fresca tébrega das boutas da eirexa era como a tébrega rumurosa dun bosco. A auga musegal do orgo lentorecía as pedras, os ramallos i as almas, esmorecéndose nun pálpito mol... Había mel, viño e froles nas paisaxes acesas das oxivas e rosetóns. Os rapaces voltaban moi ledos a súas casas cos ramallos benditos que habían de servir pra escorrentar o trono.

Nove anos vivín nun daqueles belidos hortos, sempre acugulado de froles, dende marzal hastra novembro. As primeiras que aparecían eran as mimosas, narcisos e violedas. Viña dempois a frol dos albres. Cada cerdeira era unha morea de neve recedente. A chama vermella das peonías e caraveles, as sinxelas margaridas, as verdes coitelas dos gladiolos con pingas de sangue nas pontas, e milleiros de rosiñas, coma fazulas —nacre e roibor— de mozas loiras.

Longas horas de folganza, nas quentes seráns do vran, baixo a soma mesta i ulente do albres. O vento mainiño e a iauga mainiña dalgún regueiro teimaban en leda retesía por carexar os meus ouvidos. Un fume tremelante rubía polo ar; unha badelada baixaba dunha torre... Asubiaban os merlos;

chirlaban as anduriñas; unha nube esvaraba polo azur tranquío, cheo de socego... Caían bágoas de mel dos figos regañados.

Certa serán veu á figueira unha parexa de oreoles. Eu collín unha escopeta e din cos fermosos paxaros no chan. E xa non puiden gorentar a lediza da serán. Aínda hoxe sinto remorsos daquil crime e noxo de toda tarefa venatoria.

Ouvía nas noites mornas, as cancións dos rapaces noitébregos que iban de xolda pola Muralla. E istas cancións estaban unxidas de graza antiga e inxel:

*Arrolaba a vella ao neno
e cantaba iste cantar:
cala, meu neniño, cala,
cala, si queres calar...*

Quenes non querían calar eran iles, que alongaban a súa rexouba deica as horas do abreinte, facendo resoar a noite co cramor das súas cántigas.

Anos dempois, puxeron un garax nun horto veciño. Os runfidos dos motores esnaquizaron o engado meirande daqueles ditosos recesendes: o silencio.

El Pueblo Gallego, 9-4-1936

A LOITA POLA LÍNGOA

Us cantos consellos mesturados con ouservación ós novos escritores galegos. Escribamos coma se fale, pouco máis ou menos.

O galego literario vaise arredando perigosamente do galego falado. Cada vez é máis requintado, rixo e formulario. Unha trasfega de libro a libro... Voltemos á fala do pobo.

Somentes a literatura pode salva-la nosa língoa. Mais pra isto requerese un meirande achegamento do galego escrito ó galego falado.

Coma di un querido amigo noso, cada xeneración deixa ciscado polo seu vieiro vidal un feixe de falas, e moi poucos procuran de recollelas.

Decatémonos que —inda hoxe— o galego popular é moito máis ricaz que o galego dos escritores. É nosa obriga coñecelo a fondo.

Escribamos, deica onde poidamos, nun galego de todos pra todos.

Levo vivindo oito anos arreo na campía da Queiroga e do Incio. Nista longa tempada estiven sempre a facer furgas na fala dos labregos, na fala petrucial, que pra min val tanto como fala casteña ou crásica, por ser o dos petrucios o galego máis antergo, fermoso e puro.

Veleiquí unha gavela de solpresas...

O galego falado varea moitismo de comarca a comarca. Niste senso, imita unha língoa que inda se está a formare, mol i elástica, coma o castelao —poño por caso— do sigro XV.

Afigúrese o leutor que vamos de camiño da Queiroga cara á terra luguesa, pasando polo Incio e por Sarria. As verbas cámbean pouco menos ou pouco máis que a flora.

O verbo castelao relampaguear —valia o exempro— dise *alustrar*, *lustregar*, *lostregar*. Escampar dise *estiñar*, *asocegar*, *estralampar*. O adversa-

tivo aunque dise *inunque, anque, inda que*. Os merlos, os paspallás i as nogueiras chámanse por eiquí *cochorras, piquelos, codornas, concheiros*, respetivamente.

Nas nosas furgas na fala petrucial veñen do cote da fonética as meirandes solpresas.

A escuridade dalgúas vocás... *Os* moi pechas, que soan como *us*, como nas verbas *pao, mao, doado, lagoa*. Certa *es* pechas semellantes a *is*, como a *e* de *pedir, día* (dea), *liaba* (leaba).

Hai en galego —gran solpresa— unha que soa como a *u* francesa, nunhas cantas verbas. Recordo sentila no nome propio *Eume*, sin diptongo: *E-eime*... E tamén a *e* escura con que soa moitas veces iste mesmo diptongo *eu*, como na verba francesa *peu*. Asína soa, nos beizos de moitos petrucios, a vocal dianteira do nome propio *Euxío* ou *Uxío*... Etc. Tamén, coma en francés, emprégase o *il* (el) impersonal, en falas como istas: *il fai ben anos; il sóupeno onte*... É máis cotián perguntando: *¿E il nevará? ¿E il víchelo?* Ou na fala *coma il cómpre*.

En moitas falas consérvase o *e* latino do remate, seña do presente de infinitivo, seña do acusativo: *vire, cantare, colore*... E mesmo *paie, maie, irmae*.

Moitos apócopes, coma *quer, diz, val* (de valer), *parez* (parece), *reloz* (reloxe).

E logo moitos *de* diante do presente de infinitivo, non perifrásticos: *Teima de ir aló; vén de chegar; penso de traballar*...

O verbo *ir* con significado de *faguer* ou *estar*: *vai nebra; il vai escuro; vai curto* (dun vestido).

Hai moitos tempos de verbos chaos. Dise andiveramos, viamos, fosemos ou fosesemos, sen acento... *Andiveramos*, por exemplo, val coma o indefinido ou pluscuamperfecto castelao. Se digo “eu *collera* a caixa de mistos”, débese entender “eu *había collido* a caixa de mistos”.

Na terra do Courel os remates en *an, en, in*... teñen unha forte resoancia nasal, como *fuin* (fun), *cheirón, camín* (camiño).

A preposición *a* con significado de *en, de, pra*... *Traballa a casa; traballa a canteiro; estuda a médico*.

Vai cas Pedro... Iste *cas* (en casa de, a casa de) recórdanos o *chez* francés. E *mesmo*, con significado de *hastra, tamén*: “Foron candia il seus pais e *mesmo* seus amigos”...

Autra —ou *outra*— seguido de *que*, que significa *ademais, e logo*... “Non puido sabelo, porque non estaba alí; *autra*, qui é xordo”...

Outramente da citada fala *coma il cómpre*, tamén nos recorda algo ó francés a interrogación *¿ulio?*, como antergamente *¿e u é?* I as verbas *testa, testudo, sucre, xabre, corvela, xarope*, etc.

En Queiroga e nautres, diante de *é*, do verbo *ser*, emprégase *qui*. *¿Qui é iso?* E tamén, inunque non tan sobexo, diante de *era*.

Condiciónas *se* ou *si*... Empréganse moitismas veces con senso eufónico, asegún a verba que lle sigue. Diante *e* ou *he*, sempre *si*; diante *il*, contraución. Vamos por us exemplos... *S-il fora alá... Se foran os outros... Si estivese alí...*

Outro ou *autro* e *como* ou *coma* varean según a vocal ou sílaba inmediatamente dianteira ou seguídeira..... *Us i outros... Poña outros... Como as ovelas... Coma os homes...*

Tamén as preposicións *sen* e *sin* empréganse seguindo a mesma norma... *Sen fillos... Sin escoar... Sen homes...*

Por eiquí non se di *unhos*, artigo plural, adxetivo ou pronome indefinido. Sempre *us*, e tamén *algús*, *ningús*, *algúa*...

O copulativo *e* soio se emprega diante de consonante, *i* ou *hi*...

Us i outros... Homes e mulleres. Por veces emprégase *e* diante de *o* ou *ho*...

Cáseque non se usa o adversativo *pro* ou *pero*, senón o *mais*, coma en portugués.

A verba *gracia* ten un significado moi especial. De primeiro, *sabor*... *Iste xamón é ben gracioso*... Referido ás persoas, de simpatía... *Pra todo hai que ter gracia*, din os labregos cando unha persoa non lles é simpática, inaque seña ben educada.

Non fai falla teimar de adevertire que nos referimos a un galego petrucial, relativamente puro; ou, millor, a un galego ideal no que nos fai pensar a parola dos petrucios. Mais si cómpre decir que o celme, a lei diste galego crásico é a eufonía. Ila é a que determina o emprego das difrentes formas das verbas que teñen varias *i* a que rixe a sintaxis... Outramente, grandisma ventaxe pra os poetas de traballar nunha língoa inda non cristalizada. Argadamos o poeta verdadeiramente crásico da nosa fala, que “realice” toda a súa capacidade de melodía, que atine de feito ca súa lei propia.

Moito queda a faguer. De primeiro, agavelar todo o galego —en falas e xiros— das difrentes bisbarras; outra, escolmar seus elementos máis naturás e representativos... E il medrará de seu. Mais que a pureza, a abundancia *i* a forcia expresiva. Un galego de minorías murcharase á volta dos anos. ¿Pra que fabricar outra língoa morta? Galego vivo, falado, para as xentes que inda o falan... Relembremo-lo galego popular de Rosalía.

E voltemos ó punto de arrincada... É obriga de todos loitar pola conserva e medra da nosa doce fala, onde tremela todo o feitizo da nosa fermosísima paisaxe... Díamonos a pensar que somentes en galego poideron ser escritas obras como *Follas novas*, *Cousas* ou moitas poesías de Curros (Tres esgreivos galegos que morreron de saírselles fóra o corazón).

Honra e gloria pra unha língoa que diu ó mundo a máis ardigante e saudosa lírica de tódolos tempos... ¿Cecais a “Negra sombra” non é a definición

poética da saudade...? Nila se dixo o millor que se tiña que decir na grande hora romántica: arelas, degoiros e soños... Sigamos a decir en galego o millor do noso millor, a nosa verdade máis verdadeira: o máis fondo do noso sentir i o máis cimeiro e raolante do noso pensamento... ¡Cántiga i estrela...!

Galicia Emigrante, 20-5-1956

PAISAXE E SAUDADE

De tódolos grandes temas estéticos, é o da paisaxe o que marca un máis fondo influxo na literatura galega, unhas veces de xeito sustantivo —fundamental—, outras como ornamento. Si lle sacasen ise tema, cáseque desaparecería. Na obra dos nosos poetas e prosistas latexa decote a canción da Natureza. Mar, ceo, e terra, cantan e saloucan nos versos de Pondal, Rosalía e Noriega. ¡Que formidábel persoalidade acada o océano nos anguriosos poemas de Manuel Antonio! E tamén tremela nas cantigas do pobo, con todo o seu soavísimo engado.

A paisaxe galega entra no noso espírito polos ollos e polos ouvidos. Sonoramente, é ricaz como ningunha. Ventaladas e murmurios, estrondos e barboriños son tamén paisaxe, como a forma, a lus e as cores. Emporiso amóstrase sempre aberta á interpretación musical. Diríamos que cáseque se pode contemplar cos ollos pechos. E asina o faguemos cando a evocamos. “Escoitamos” paisaxe cando lemos:

*Chove miudiño,
miudiño chove,
pola banda de Laiño,
pola banda de Lestrove.*

Ou cando ouvimos os graves, vagariños acordes de *Negra sombra*, onde augas e ventos zoan melodiosamente. E até a práctica das máis típicas paisaxes nosas, tan amantiña e harmoniosa, é unha sutil e silandeira música pra os ollos... Os grises e os verdes fúndense cos groriosos azúes da lonxanía, nun longo acorde. A brétema fai de sordíña...

Engadamos a todos istes elementos o misterio, que abrangue tan vastas perspeutivas estéticas na obra de Valle-Inclán. Cando chega a noite, nosas

campiás pobóanse de almas en pena, trasgos e meigas. O gran don Ramón decía que si a un andaluz lle gusta ir a unha procesión ou a un enterro levando unha vela rizada, e a un castelán levando unha gran facha, un galego preferiría ir cun óso de difunto.

Como os individuos, tamén os pobos e as razas teñen un tempero máis ou menos definido. Diante a Natureza tan soio caben dúas aitudes determinadas polo tempero: ou se ve tristenta, ou se ve leda. Os románticos de tódolos tempos, aínda aqueles anteriores ó romantismo, non viron na Natureza precisamente, a ledicia de vivir, sinón unha inefábel poética tristura. Non os abelloa o “aldraxe” de románticos e líricos. Soio cando se poñen en conta coa gran tristura cósmica, acadan os poetas a máis pura e nidia esencia lírica. Cando iste fenómeno abrolla —Verlaine, Quenthal, Pascoaes...—, chega a poesía á fronteira da música; faise pura por gracia de ser fonda e humán. Cecaís compriría chamarlle “esencial” a ista poesía, e non pura, por ter acaravillado iste adxetivo aquila utópica “álxebra superior das metáforas”, de fai un cuarto de século. Dende sempre foron a dor e a tristura. “É a dor —dixo o gran solitario de Engadina— quen fai encarexar ás pitas e ós poetas”.

Pero teimemos no noso cacheo. O sentimento da paisaxe non é a saudade, mais está fortemente avencellado a ila. Todo fondo sentimento da Natureza é un sentimento saudoso. “Senti-la paisaxe é muito máis que vela, é máis que discernir súa valía estética”. Pra iso requírese acharse isolado cara a ila nun estado de espírito de enchouzamento contemplativo. É a gran soedade, a soedade de soedades, unha das máis craras fontenlas do sentimento da saudade. A Natureza adquire entón, unha presenza embebecedora, milagreira.

Si hai unha paisaxe saudosa, isa é a nosa, pola súa beleza vagorosa, chea de misterioso engado, e fino arrecendo musical. A saudade —foi dito muitas veces— é unha instintiva arela de fermosura. “A terra que o corazón aneia”, onde está a patria —ou matria— dos soños e das cancións, é vista por nós cos ollos do espírito, como mui semellante á nosa; máis belida, máis ricaz e risoña, pero tamén húmida e verde, co mesmo doce ar, coa mesma carexante lus, e as mesmas cantigas. Sexa como sexa —pensamos— o paradiso ten que ser unha illa verde. O real faise ideal.

A paisaxe é pra nós, “a paisaxe”, asina en femenino, porque vemos na Natureza non somentes unha nai, senón tamén unha noiva feiticeira que cómpre agasallar. No noso corazón hai sempre un corazón engaiolado que canta á lúa. Como isa terra que o corazón aneia, onde o tempo é unha inmorredoiria cantiga; a súa fermosura endexamais se murcha. Nosa querencia á terra ten calidades e xeitos de namoro. En nós, o amor á Natureza aventaxa infindamente ó amor ó arte.

Na dor do mundo espéllase a nosa dor. Tamén a Natureza chora e se queixa. Coma nós, é encirrada por un desacougo sen fin, por unha agonizante

sede de repouso. É movemento, e quer ser pura forma. Os meirandes poetas ouviron, no fonal das súas ialmas, iste gran salouco do inmenso corazón do mundo, o cósmico pranto das estrelas, dos ventos e das augas. Quixéramos que o noso corazón fora un cadoiro de auga que baixase cantando do monte, e despois un balbordo de escumas por un carrozo, e derradeiramente un ampro río cheo de lucencia que se durmira cantando no mar no seo de Deus.

Di Quenthal:

*Voces do mar, das árbores, do vento.
quando às veces, num sonho doloroso
me embala ao vosso canto poderoso,
eu julgo igual ao meu vosso tormento*

*Não serás tu, queixume vaporoso,
ou suspiro do mundo e o seu lamento?*

Quizabes algún día se atope unha das claves do enigma da saudade, na poesía fonda e ardente de Anthero de Quenthal.

Vieiros 2, 1962



A COVA CÉLTIGA

Dende fai moitos anos que me chocou ista denominación de “A Cova Céltiga”. Mais sempre tiña da mesma un vagoento concepto. Sabía que a devandita “Cova Céltiga” era unha xuntanza de escritores cruñeses de remate do pasado século e principios do aitual, que tiña moitismo que ver co desenrolo da nosa literatura. Sentírao decir moitas veces en Lugo, Santiago, Vigo e na mesma Cruña. E inda máis: tiven a sorte de falar con algú supervivientes de “A Cova Céltiga”.

Eu maxinaba moitas belidas cousas daquela Cova Céltiga cruñesa. Alí iba o esgrevio Eduardo Pondal vestindo o seu abrigo de escravina. E don Manuel Murguía, ca súa chistera i a súa capa, sempre tan informado e falanguero. Tamén asistía ás xuntanzas históricas aquelas o señor Tettamancy, que seica chegaba a Lugo e lle levaba moitos libros prá Cruña ó señor Vega Blanco, requichado xornalista da anterga *Lucus*.

Mais eu, trabucadamente ou non, cría que da redita “Cova Céltiga” saíra o esprito da letra do noso Himno, xa que non todo o poético mito celta do vate de Ponteceso. A “Cova Celta” sería unha xuntanza de eruditos e soñadores, onde se iba chocando toda a literatura galega de primeiro carto do século vinte. Us andaban ás voltas cas palabras, i autros andarían ás voltas cos condes e mailos bispos feudás. Un teimaría de faguer un dicionario, i outro de escribire unha grandisma historia, tamén de Galicia. E qué sei eu...

Si se buscara un tído pre unha xuntanza galega, a fe que non se encontraría outro máis axeitado que iste de “A Cova Céltiga”, díranselle as voltas que se lle diran. Falar unha noite i outra tamén de trilitos, de castros, de fadas de cabelo da color da mel, de gaitas, de antergas deusas esquencidas; das neboentas orixes do pobo da saudade. Os máis axeitados principios pre

“apoñer” unha boa literatura diferencial. A da Galicia vindeira. A “Cova Céltiga” sería a cripta dos máis sagros soños da Galicia do porvir...

Na súa *Historia da literatura galega contemporánea*, Ricardo Carballo Calero adícalle unha longa nota á “Cova Céltiga”. Na librería de Uxío Carré Aldao tivo as súas xuntanzas un fato de escritores rexionalistas, ademais dos xa ditos Salvador Golpe, Florencio Vaamonde, Galo Salinas, Banet Fontela, Lugrís Freire, Pérez Barreiro... Alí falaban e disputaban arreo arredor da Galicia.

Ista librería fora a mesma que mercara Carré Aldao a Martínez Salazar, sita primeiro na rúa Real e despois en Rego de Auga, onde xa estivera. Ademais de libreiro foi tamén o seu propietario editor i escritor, sempre ó servizo dos intreses culturás de Galicia.

Parce que o nome de “A Cova Céltiga” derivase dunha expresión irónica do profesor do Instituto da Cruña Leopoldo Pedreira, doído de que ó fundarse a Academia nono tivesen como membro fundador: “La cueva céltica”. Os ironizados fixeron súa a denominación. A simple tertulia fíxose institución da cultura galega, de onde saíron moitas fecundas iniciativas prás letras galegas e prós intreses da nosa rexión.

Mais a ironía do seu nacemento pódese repetir. Calisquer escritor novo e inquedo pode decir: tempo é que saíamos da Cova Céltiga...

El Progreso, 11-6-1965

CONCENCIA DA GALICIA

Castelao dá a millor versión do noso pobo.

O de Castelao, "post mortem", é un caso cheo do meirande intrínseco para todos nós. A bibliografía arredor da súa obra inmorredoiro medrou e medrou nistes derradeiros anos. Por iso mesmo non é nada doado dicir algo orixinal, algo que non estivese xa escrito. Cecaís por iso corra un o risco de se copenar a si mesmo, de se repetir.

Levo dito que o pobo galego é o gran destinatario da obra deste gran galego. E tamén leve escrito que o pobo galego é o seu protagonista. Para Castelao Galicia é, de primeiro, o seu mesmo pobo.

E lémbrome agora que tamén escribín que un dos meirandes méritos do noso incomparable artista era o de habere galeguizado a nosa pintura. Á maioría dos artistas vidos dempoís de Castelao, do xeito que fosen, tiveron concencia da súa obra.

O primeiramente infruído foi o dibuxante humorístico coruñés Álvaro Cebreiro. Mais eu coido que tamén quedaron as pegadas da arte de Castelao nos dibuxos e na pintura de Carlos Maside, nos óleos de Torres e doutros dibuxantes e pintores dos nosos días. O seu xeito de fitar pró pobo campesiño e mariñeiro.

Alfonso Castelao dibuxou cregos, picariños, caciques, tendeiros, indianos, concellás, etc. Era ise o seu pobo e ise pobo era a humanidade galega dos agros, aldeas e vilas, tanto da beiramar como de Galicia adrento.

Mais a raiolante singularidade de Castelao era o avencellamento do dibuxante co escritor. A pluma e mailo lápiz servíanse de mutuo. Endeporsí, pra eispresión do seu incomparable humorismo. O humorismo do noso esgrevio artista ten sempre iste senso fundamental: cuáseque sempre a derradeira fala a di o seu corazón. Sinte decote na súa entrana o sufrimento do pobo galego.

Lémbrome de Castelao en tal ou cal sucedo da súa vida, nas súas oracións en defensa do pobo galego. Naquil banquete que lle deran en Lugo, nos derradeiros días do mes de San Xoán do ano trinta e dous, cando era deputado das Cortes constituíntes da II República. Fora un dos máis fermosos discursos da súa vida, en contestación dos tan admirábeles discursos do doutor Rodríguez Cadarso e mais do de Otero Pedrayo. Tremelecíalle a fala lentorecida de bágoas. E tamén fixo rir á concurrencia ca glosa humorística dos seus anos de estudante en Santiago.

E volvinlle oír outra soberbia oración no aito da inauguración no monumento a Curros, na Cruña, o día de Santiago do ano trinta e cinco. Voltaba de Badaxoz, a onde fora trasladado, e escomenzou asina o seu discurso. “Veño de terras quentes do Sul, onde os homes morren de fame en verdadeiros mares de pan...”

Entón ocurriúseme pensar que a oratoria do noso gran escritor e dibuxante falaba doutro xeito que a dos oradores galeguistas daqueles anos. Como si pensase moito máis os seus discursos, como si improvisase moito menos o que se di. Por iso asemellaban as súas falas, moitas veces, ós versículos dos salmos. Tiñan sentido poético. E falaba sempre co corazón fóra do peito, como o arrepresentara aquel inesquencíbel dibuxo de Luís Bagaría publicado no diario de Madrid *El Sol*.

Mais tamén conozo o Castelao das conversas das peñas de café, onde deitaba a xorros o seu tan carauterístico humorismo. Falaba de xentes que eu non conocera e lles atribuíu trazos de humor que parecían xurdidos do seu lápiz ou da súa pluma. Poño por caso, o médico de Rianxo, irmán do escritor don Victoriano García Martí. A súa ama de chaves daba fe da súa morte con istas falas: “Cando lle trouxeron os Divinos, dixo: Esto se fastidió... ¡Al caracho...! y entregó su alma a Dios...”

A versión artística e literaria do noso pobo que lle debemos a Castelao é tan fonda como graciosa. Entendendo por *gracia* tal como se entende en galego: simpatía. Era sinificativa e sensíbel.

Tamén a súa personalidade como orador decía moito á xente moza dos anos trinta e tantos.

¿E non sería en Lugo, nun mitin, onde se definira a il mesmo diste xeito humorístico...? “Eu son un galego quimicamente puro, infusíbel ó soplete e inatacábel polos ácidos”.

Un dos máis outos fitos ergueitos no vieiro da tradición galeguista. Hai Castelao pra anos e anos. Unha obra carregada de engado e futuridade, que nos fai sentir fondo e pensar lonxe.

Boletín de la Real Academia Gallega 357, 1975

AQUEL OUTRO DON RAMÓN

Empardece o día... Asubía agora unha locomotora pasando a ponte da Chanca, mesmo nas aforas de Lugo. Por moitos anos os lugueses estaban orgullosos da súa ponte da Chanca i hastra lle adicaban coplas nas comparsas de Antroido. Mais agora ninguén se acorda da antano famosa ponte. Xa me esquencín do número preciso dos seus arcos. Oínllo decir un día, con precisión, a don Ramón Otero Pedrayo, despois de xantar na casa da Rosaleda, de Santiago, cas do noso vello amigo Domingo García Sabell. Tamén dixera con precisión o número de arcos da ponte de Ourense sobor do Miño.

E decía esto tendo diante a copa de natillas do postre, grande como un froteiro. Si for catro anos antes, don Ramón fumaría un puro habano ó par de sorbere o café e inantes de proba-la copa de boa coñá. Mais os médicos prohibíranlle fumar.

Don Ramón era un arquivo vivo. Nin el mesmo sabía o que sabía. Contaba con gracia, abundancia e melancolía añorante. Do seu Ourense nativo, do Madrid do ano dez, das súas xornadas en Portugal... De abades, mosteiros, caciques, menciñeiros e historias de familias que vivían en pazos de moita sona. Domingo voltaba a cargar a cachimba, Ramón Piñeiro limpaba as gafas, eu xa iba polo terceiro cigarro...

Don Ramón Otero Pedrayo parolaba como non parolaba ninguén. Ca mesma prosa raiolante e farturenta dos seus libros. Abofé que falaba como escribía, mesmamente... ¿E il escribía como falaba? Mesmamente tamén. Con gracia e abundancia, facendo lostregar os relámpagos. Eu non coñecín outro conversador máis ameno nin máis brillante. E quedábase soio falando, no millor senso da palabra. Os que o escoitaban pensaban que sería sacrílego interrumpilo. Escoitándoo, sentíase, abofé, voa-lo tempo cun gozoso latexo.

Cando falaba don Ramón Otero Pedrayo, as sobremesas da Rosaleda eran unha festa inesquecible pró espírito. Agora relémbroas eu cos mesmos coores do arco da vella. Namentras lle refulxían os espexuelos e lle brillaba a calva. O malo era, pra min, que en vez de guliscar dúas copas da boa coñá francesa que o Mingos García Sabell tiña sempre na casa, eu empinaba tres ou catro, ca máis gorentosa regustía.

¡A ergueita e fidalga facha de don Ramón!

Tempo Galego-0, 1982

LOIS PIMENTEL, HOME DA VILA

Un fato de poetas novos decidiu orgaizar unha velada en memoria de Lois Pimentel, o gran lírico galego, morto vai pre oito anos e nado na nosa cidade.

De tódolos poetas do seu tempo o esgrevio poeta lugués é o máis lido e comentado pola nosa mocidade literaria. A súa lírica intimista esperta, máis que outra ningúna, o meirande intrínsecas das derradeiras promociós de poetas galegos. E cecais seña polo noxo que o poeta sentía por tódalas retóricas, fosen en verso ou prosa.

A nota de paisaxe non é abundosa nos seus versos. A paisaxe de Pimentel era cuaemente sempre a paisaxe urbá. Levou moitos anos sen botare o pé fóra das Murallas. Da súa cas pró Sanatorio, de eiquí pró café e prá casa. Agás da súa xeira de vrao, chegado o mes de agosto, á vila de Pontedeume. Us "hoxes" igoaliños ós "ontes", unha doce monotonía de semás e semás que eran como as do ano pasado.

Atraguíanlle, de xeito especial, as vilas vellas, decoradas de ruínas i encheitas de historias. Cheas, tamén, de miúdas marabillas aneidotarias. Santiago, Mondoñedo, Portomarín. Cecais lle viñera ista querencia da arqueoloxía da súa primeira vocación de arquitecto, nos anos da súa primeira mocidade. Por iso a súa teima de visitar pazos e mais mosteiros sempre que podía. Cando a súa doencia cardíaca ou a súa aprensión nono entoupaban na casa. Contando con aquela os seus amigos arrincámolo de Lugo facéndolle esquencer a zunia pola súa saúde, pre levalo ó Mosteiro de Sobrado dos Monxes. Pasar un día enteiro fóra da casa. Cousa de miragre...

Mais daba, moitas veces, vagariñas paseadas polos bairros arredíos da cidade, adrentándose nos vellos recantos silanderios, cheos de papeles que revolexaban na poeira. Prefería os sereos solpores do outono primeirizo, con longos prantos de sangue i elexías de campás. "Cuando la ciudad es paisaje",

dito polo seu verso. Moitas distas impresiós das xa ditas paseadas pasaban ós seus poemas, escolmadas, peneiradas, requintadas. Sentía namoro pola cidade onde fora nado. Sempre estaba a lle descubrir líricos silenzos; fermosuras acubilladas, insospeitadas, de que ninguén se decatara de antes dil.

Mais se había unha vila de que lle gustara falar cuase a cachón era da anterga e belida e cáseque lexendaria cidade de Mondoñedo, onde o poeta pasara tempadas de sosego e de espranza, que endexamais esquencería. O seu aneidotario mindoniense era inesgotábel. Moito máis que o meu, que nono é pouco. A vella cidade bispal, con barbeiros que falan latín. Non pense o leitor que isto é unha desaxeración literaria, o que se di. A min díxome un, namentras me rapaba: "Si vis pacem, para bellum"... E logo faloume media hora arreo de Petronio...

Lois Pimentel, gran poeta e home da vila... Na esmorecida vida inteleitual luguesa, os seus dous libros, *Sombra do aire na herba* e mais *Barco sin luces*, son dúas raiolantes lumieiras. Pra que se sepia, como din os labregos da montana do Incio...

El Progreso, 30-3-1965

ALTO EN LUGO

Fai sete anos que vivo no campo. De cando en cando vou dare unha volta por Lugo. Tres anos seguidos estiven sin achegarme por alí. Atopeino moi cambeado. Medran moito tódalas vilas de Galicia... Bairros enteiros novos, máis movemento nas rúas: os cafés, as tascas, ateigadas de familias, mais de noite, despois de cear, vese pouca xente. De verao quédase a vila media baleira. A xente pudinte vaise á beira do mare ou ás montañas.

Un día distes cheguei a Lugo polas dez da mañá, no autobús da línea do Incio. Atopei un amigo, logo outro... Quedamos de ire xantar xuntos...

Hei de decire que eu viaxo vestido coma un labrego da montaña, con traxe de pana, zapatós, boina, zamarra e cacha ou cachaza (que asina se chama a cacha ou caiada).

Cómese moi ben en cas Ferreiros, na praza do Campo, no máis típico do Lugo vello. Alí hai de todo, e todo moi ben cociñado. Os que chegamos da montaña eslumecemos polo marisco. Quinquillas, almexas, callos con ben picante, queixo, paveas, café... Sinto que non sea tempo dos percebes. Cando como percebes parezme estar a carón do mare, respirando seu aire salgado. O relembro do mare é coma un feitizo prós que vivimos alonxados dil. Unha hora lediciosa de conversa co noso amigo o doctor Carlos Pimentel falando do derraderio libro de Marañón, da cociña galega, dos pazos...

Mais quedei con outros amigos de ir a tomar café ó Méndez Núñez. Coma o tempo é soave e tépedo, sentámonos na terraza. Romban moitos "haigas" polas rúas. Por certo que os labregos do Incio chámanlles aos "haigas", "aguies", "águilas". Moito señorío pasa pola acera. Un a un van chegando os compañeiros de xuntanza: Cilistro, Quiza, Mouriz, Carballo, Lois Pimentel, Antón Figueroa... Cadeirádegos, médicos, boticarios, escritores. Tamén vén Ramón Piñeiro cando se atopa na vila e Ánxel Xohán e o poeta Manoel María.

Iste café Méndez Núñez é o antigo Café Español, que era o máis vello da vila, e cecais foi o primeiro que se abriu en Lugo. Era un café “galdosiano”, moi semellante ao Suízo de Santiago, con grandes espellos, mesas de marbre, focos eléutricos con alambrada, con camareiros de aire anacrónico.

Alí se xuntaba, apiñada arredor de dúas mesas, nos anos vintecatro e vintecinco, a mocidade que faguía a revista *Ronsel* dirixida por Evaristo Correa Calderón. Dous daqueles mozos lugueses eran Lois Pimentel e Ánxel Xohán. Os outros andan espallados polo mundo: Xesús Bal, Álvaro Xil, Paco Teixeira. Falábase moito de futurismo, de ultraísmo, de cubismo, de saudade.

Alguén dixo fai pouco que, dentro de Galicia, era ista a hora de Lugo. Aquilas falas tiveron fortuna, e soan agora moito nos parladoiros literarios. Na terra luguesa xurdiron estes derradeiros tempos escritores de rexa persoalidade.

Lois Pimentel, que publicou seus primeiros versos en *Ronsel*, é nativo de Lugo e vive nista vila. Fai meses dixo Cunqueiro que era o poeta meirande de Galicia. Outros moitos opinan o mesmo. É a súa unha poesía auténtica, fonda, sen ningún refugallo literario.

Tamén Ánxel Xohán é nativo de Lugo. Estivo vinte anos ausente nas Canarias. Cultiva a pintura i a poesía co mesmo acerto. Seu arte recorda por máis dun xeito ao de Carlos Maside pola súa forza e solidez. Unha pintura exemplarmente “ben feita”. En canto á súa lírica, enxoiada e nidia, conceutista de abondo, é esencialmente minoritaria. Non se albiscan nila influencias de ningún poeta galego.

Ricardo Carballo Calero, nado no Ferrol, fai anos que vive antre nós. É un ensaísta esgreivo, dos millores de Galicia. Seus estudos críticos encol do P. Feixoo, de Rosalía, de Curros, etc., son dos máis interesantes escritos sobor de calisquer gran figura galega. Seus libros de versos, *O silencio axionllado*, *Poemas pendurados de un cabelo* teñen propia e outa siñificación na nosa lírica galega.

Cilistro Fernández da Vega diuse a coñecer como escritor co seu mañífico ensaio publicado en *Grial* “Comunicación y Cultura”. Pouco despois publícase en Portugal seu orixinal estudo “Perfil galego de Valle-Inclán”, que nós comentamos entón en *Faro de Vigo*. Era unha interpretación aguda e fonda dun Valle-Inclán que lle debe á súa terra o millor do seu arte, dun Valle esencialmente galaico. Seu xuício encol dos “Esperpentos” é o máis esculcante e valioso de cantos se escribiron deica agora. Derradeiramente publica, tamén en *Grial*, un ensaio encol da poesía de Rosalía que foi comentado con grandismas gabanzas. Cilistro da Vega, nado en Friol, fai moitos anos que vive en Lugo.

De Ramón Piñeiro, nativo de Luncara, di Álvaro Cunqueiro, que é o meirande valor intelectual de toda a mocidade galega de hoxe. Tódolos que coñecen seu fondo e suxerente ensaio “Siñificado metafísico da saudade”, publicado no primeiro número de *Grial* no ano 51, non xulgarán arriscada tal

opinión. É o máis abranguentre estudo que endexamais se fixo da saudade. Moitos outros traballos agardamos con fonda arela da pruma de Ramón Piñeiro, mais este do que falamos xa sería de abondo para facer inesquecibel seu nome.

Manoel María, de Outeiro de Rei, é un poeta mozo de grande intrés. Cada libro seu é agardado con agrado polas personas amantes da poesía. Fai pouco escribiu *Terra Chá*, un libro de moi fermosos poemas que leva un prólogo noso. Manoel María está na primeira liña entre os poetas mozos de Galicia.

Moitas veces se cita con grandes louvanzas nistas xuntanzas do café Méndez Núñez, os versos de Luz Pozo Garza, poetisa que vive en Viveiro. Chámaselle a "musa do Landro". Súa poesía é sensoal, pagana, algo semellante á de Ana de Noailles.

Tamén vén por eiquí de cando en cando Euxío Novo Neira, un poeta mozo da terra de Caurel. Nun café de San Martín de Queiroga liunos fai pouco seu libro inédito *Eidos*, que logo se publicará. Un feixe de poemas sinxelos moi sentidos, moi líricos, escritos nun fermoso galego do máis gracioso celme.

Galicia Emigrante 3, 1954

CARLOS MASIDE GARCÍA

A Maside ollámolo, lembrámolo máis aínda na súa conversa que na súa obra insigne. Pra o que esto escribe —como pra tantos outros— os coloquios co artista eran un grande pracer espiritual. E pola súa parte, un eficiente maxisterio sobre de calisquer interlocutor. Deambulando polas prazas e rúas compostelás, na tranquilidade do seu estudo da rúa do Vilar, antre rimeiros de libros, bocetos e paletas. Estas conversas figuran antre as nosas lembranzas vitalicias. E non era a súa palabra doada nin brillante. Premiosa, cun tartariño que denunciaba a percura da xusta expresión, do conceito exacto e definitorio. E a voz, xorda, como remota. Sonaba sempre a dor íntima, a tristura, a resignación. Unha voz rota, desfalecente, que traslocía moitas fendeduras orgánicas.

Pero o seu discurso era sempre un exemplo de orde, craridade e rigor. Didáctica amical. Unha sinxela leición en tono de conto. Porque Maside explicábao todo. E deparábanos decote a sorpresa dun descubrimento. Ou a resolución de tal ou cal embrullo noso crónico. Seguro, firme, sagaz. Cun vigor de intelección que era tanto hábito como natureza, facultade como exercicio.

Deciríase que a pintura non tiña pra el segredos, puntos escuros ou repostos. Os nosos vagos supostos de valores, influxos ou entronques facíanse evidencia nos seus xuicios. Home de nocións exactas e limpeza discursiva. Un saber de “qués” e “cómos”, crarexador, conscente.

Unha vez, despois de nove anos sin o ver, atopamos en Santiago ao dileito artista. E a gratísima continxencia solicitou constancia da nosa pluma. Sería aos seis ou sete anos denantes do seu pasamento. Aínda falaríamos con el dez ou doce veces máis.

A referencia deste encontro tiduábase “Vellos amigos”. Vai a seguido:

Longas, podentes, estas badaladas semellan arreguizar a pedra, esper-

tando un eco de anos caídos. Xa sentiamos estas badaladas de Compostela antes de ouvilas; aduviñábamolas dende sempre; quezais as percibíamos cos ouvidos dos nosos antergos chamándonos dende unha intemporal lonxanía. Choran os cálidos bronce na tristura manseliña do tempo durmido alén de nós. Agora, ao escoitalas outravolta despois de tantos anos, coidamos que é unha lembranza...

Paseata noitega, como antano, polas desertas rúas e prazas, ao fío da meianoite abrileira, ouvindo o seu sagro cántico. Sombra de sonhos, sonho de sombras. Cada recanto devólvenos unha lembranza querida, un branco fantasma da ilusión xuvenil. As nosas tristuras de onte choran agora no barboriño das fontes. Perfiase o lirio da pedra dunha torre contra da fondura do ceo poboado de estrelas. Aquí está a nosa Compostela eterna: planto de fontes, canto de bronce, vellas pedras ergueitas sobre do noso sonho...

Este vello amigo, que atopamos ao cabo de tantos anos, non é un fantasma. Quezais a súa voz nos pareza un tanto irreal. Vén de aló, como a das campás, dun tempo lonxano e inesquecible; da lumiosa e leda ribeira da nosa mocidade afanosa e cándida. Por uns intres recuperamos aquel outro noso vello eu que se quedou vagando por estas vellas rúas.

O noso amigo é pintor. Hai anos, xa moitos, que non tiñamos ollado ningún cadro seu.

Xa daquela sabiamos que era un grande artista. O seu estudo, como noutrora, volta a ser escenario dos nosos longos coloquios. Uns intres de ilusión, de espellismo cronolóxico. Todo está o mesmo que antes. Os mesmos persoaxes, a mesma escena. Aquí tense relanzado o tempo. Estamos fluíndo —¡momentos sin comparanza!— o feitizo retrospectivo. O onte concreto, preciso, brinca diante de nós; apreixámolo... A quente ollada dos interlocutores denota o prodixio.

Falamos —ou deixamos de falar— de impresionismo, de realismo máxico, de pintura abstrata. Hai tempo que non tiñamos ouvido falar así, con esa firmeza, con esa exactitude, con ese rigor dialéctico. O detalle relevante, a suxerente imaxe.

Despois —grande festa pra os ollos e pra o espírito—, o artista vainos amostando os seus derradeiros cadros. Bodegóns, interiores, paisaxes, retratos... Non podemos menos de establecer unha correspondencia antre o seu discurso e as súas obras. Un e outra manifestan a súa personalidade. Cada un destes cadros é tamén unha proposición firme e ben fundamentada. O rosto do artista, forte e rexo, sírvenos de "tertius comparationis". Veleiquí —pensamos— unha pintura ben construída, exemplarmente honesta, insolitamente nobre... Unha cociña de aldea, unhas peixeiras, uns campesiños sesteando... Imos contemplando, con pausada deleitación, os magníficos cadros. Cada un é un máxico recinto onde cantan a liña e a cor; un conciso feitizo carregado de

EU VIVÍN NUNHA CASA DICKENSIANA. CHARLES DICKENS UNIVERSALIZA O HUMORISMO

Cando eu tiña doce anos un señor maior levoume ó Café Central, sito nun piso da rúa do Conde de Pallares. Sentouse á nosa mesa outro señor que levaba polainas, vestía un chileque de pana negra, con reló de colgante...

Sin máis nin máis eu espeteille en castelán:

—*Usted se parece a míster Pickwick...*

—*Ya sé por qué lo dices... Mira mi bastón...*

Eu non me fixara no bastón. Era unha caña de Indias cunha bóla de prata... ¡mesmamente coma a que usaba míster Pickwick!, asegún as ilustracións da famosa novela de Dickens editada por "A novela de agora", da Casa Calleja.

Emprestábamus a irmá dun coengo, rapaza de dazaoito anos, que vivía na rúa do bispo Aguirre. Tamén me deixaba ollar prá carretera de Santiago cos prismáticos do coengo. I eu, despois, contáballe unha grandisma trola ós outros cativos, decíndolles que vía pasar o auto de liña de Santiago e cos dichosos prismáticos poidera ler o tídoo do ABC, que iba lendo un viaxeiro...

Pasaron os anos e a miña familia foise vivir a unha casa do Carril dos Loureiros, que tiña horta e unha miaxiña de xardín. Eu seguía a ler a Dickens. Lía *El abismo*, novela súa en colaboración con míster Collins. Lía *Almacén de antigüedades* ou *El grillo del hogar*. Había unha "Colección" de novelas diste autor ilustradas por "Melendreras". Cabaleiros con fraques e chisteiras aplastadas. Tamén levaban polainas. Facíanme rir todos aqueles tipos.

Joe ficaba dormido no pescante do coche que guiaba horas e máis horas. Lady Scott manxaba unha chuleta de cordeiro con salsa ou pringue de noces. O rapacete John, bebía cerveza nunha cunca de estaño, namentras comía arenques con patacas cocidas. Había un lord que bebía unha copíña de viño de Porto despois do café do xantar, coma nós tomamos agora a coñac...

Aquela casa tiña unha beira de madeira con redondeles de vidros marelos e azúes, tapando o canallón do tellado. O balcón-corredor abranguía dous frentes, con columnas de graño cos fustes finchados. Os cuartos estaban empapelados con papel de dibuxos en coores, verdes e dourados. O plafón da sala estaba pintado con anduriñas e “virasoles”, nada menos que por Xesús Corredoira, o esgrevio pintor lugués...

Na mesma finca, pola outra banda da gran horta, vivía doña Agustina, a nai do pintor. Unha casa sempre silandeira, chea de sombras. Polo tempo de vrao sentíanse estoupar os figos e mailas peras maduras ó batir contra o chao... ¡Pof...!

Era unha tarde de moita fogax... Doña Agustina levoume á súa casa. Dun trincheiro de caoba, cheo de porcelanas de Sèvres, sacou dúas copas de barquillo e unha botella de champán da Viuda... Burbullou o champán nas copas. Bebín eu e bebeu ela... No fondo da copa vin unha cagalla, dispensando, de rato... Coma si nada... O champán sóupome a gloria...

Alí estaba nun lenzo de dous metros de alto, o retrato da irmá do pintor, cunha pameia i unha sombrilla de longo mástil...

Cada folla das ventás da miña casa tiña oito vidrios, como as das casas inglesas do tempo de Dickens.

Charles Dickens era o que chamariamos hoxe un escritor da protesta, o que se di. Nas minas de Cejales traballaban nenos de dez anos. A xornada de traballo era de doce e catorce horas, tanto nas minas como nas fábricas.

A lexislación penal británica era verdadeiramente pródiga en tratándose de aprica-la pena de morte. A execución dos reos era pública, e acudía moita familia pra ver cómo espichaban os desgraciados...

O mesmo Charles coñecera a miseria. O seu pai, John, tivera que botar unha boa tempada na cadea, por insolvente. De neno, o Charles tivo que deixa-la escola, pre axudare á súa familia.

Contra aquela sociedade tan inhumá seguiu protestando o Charles cando era rico e mercara unha gran casa. Decatá-bame eu a medias de todo eso. Mais o que a min me atraguía das súas novelas eran os seus tipos, Sagin, Sam, Weller ou Bumble. Os mesmos usureiros, tan pintorescos...

E caíu nas miñas mans un libro de veras precioso, de don Pío Baroja, chamado *La caverna del humorismo*, onde fala de Dickens con ademiranza, como un dos meirandes humoristas de calquer tempo ou país.

Asegún a tese do gran escritor vasco, o humorismo é un valor das literaturas non clásicas: a rusa, a española, a inglesa... Abóndalle a Inglaterra, pra pasar como país de grandes humoristas, cos nomes de Dickens, Chesterton ou Bernard Shaw. Don Pío non estaba atinado. O humorismo dáse en tódalas literaturas. Moitos persoaxes de Molière son ben humorísticos.

Tampouco son de conformidade, como il afirma, que as mulleres, como os xudeos, señan incapaces de ter sentido do humor. O gran poeta Enrique Heine era xudeo...

Cando estaba xa paralítico, a súa irmá díxolle, moi seria ela:

—Arrepíntete, Enrique, pra que Dios che perdoe. Xa che vai sendo hora.

E o gran poeta respondeulle:

—Non te aflixas, miña queridiña: Dios non ten máis remedio que me perdonar; ese é o seu oficio.

Xa vedes...

O humorismo é máis cousa do tempo que dos países. Unha creación das literaturas modernas. Antes había, mais non estaba universalizado. Cuasemente veu da mao do romantismo. Foi Charles Dickens quen o botou a andar polo mundo. Embarcou coíl mesmo pra Estados Unidos.

Burro de min... ¿Como non me habería decatado antes? O humorismo é, dunha banda, unha reacción contra o xeito patético que tiñan os románticos de ve-la vida. E tamén unha protesta contra as inxusticias sociaes. É un fillo do romantismo que non se entende ben co seu pai.

El Progreso, 28-6-1970

ÍNDICE

SEMBLANZA DE ÁNHEL FOLE	7
-------------------------------	---

I. RELATOS

1. Á LUS DO CANDIL	
<i>Terra do Caurel</i>	17
<i>A caixa de morto</i>	25
<i>O documento</i>	31
2. TERRA BRAVA	
<i>O arreguizo</i>	39
<i>Cara de lúa</i>	43
3. CONTOS DA NÉBOA	
<i>O galo</i>	55
<i>De cómo me atopei co demo en Vigo</i>	61
4. HISTORIAS QUE NINGUÉN CRE	
<i>Tracatrá, tracatrá, tracatrá</i>	67

II. ARTIGOS

<i>Amigos na paisaxe</i>	73
<i>O Carril dos Loureiros</i>	75
<i>A loita pola língua</i>	77
<i>Paisaxe e saudade</i>	81
<i>A Cova Céltiga</i>	85
<i>Concencia da Galicia</i>	87
<i>Aquel outro don Ramón</i>	89
<i>Lois Pimentel, home da vila</i>	91
<i>Alto en Lugo</i>	93
<i>Carlos Maside García</i>	97
<i>Eu vivín nunha casa dickensiana. Charles Dickens universaliza o humorismo</i>	101



Rematouse de imprimir
nos talleres de
Obradoiro Gráfico, S. L.
na Avda. Rebullón, 52-D de Mos
o día 16 de maio de 1997,
véspera do
DÍA DAS LETRAS GALEGAS







REAL

G

A

36

BIB

liote

886

CORU

ALEGA

ACAD

is Casares

•

ESCOLMA DE

TEXTOS DE

ÁNHEL FOLLE